

cultura

Volve a formación viaria no parque da Milagrosa a uns 300 estudantes. **Páx. 7**

economía

Os sindicatos protestan no Pleno pola "nefasta xestión do persoal". **Páx. 10**

medio rural

Acordo no Pleno para o control dos fumes de Tableros Hispánicos. **Páx. 12**

sociedade

Denuncian esperas de dous anos para servizos do HULA e colas no PAC. **Páx. 15**

infraestruturas

Presentado o proxecto do centro de saúde do Sagrado Corazón. **Páx. 19**

Lugo retrocede dous mil anos para o Arde Lucus



Novo plan de estudo para a Ronda Leste

A Xunta volverá realizar unha análise ambiental do trazado ante as alegacións presentadas. **Páx. 19**

Impulso para o pequeno comercio

A Federación e a Deputación firmaron un acordo para apoiar a oficina informativa. **Páx. 27**

Novos campións da Copa Deputación

Todas as categorías entre prebenxamín e xuvenil celebraron a final ao rematar a Liga. **Páx. 28**

Simón Rodríguez



Entrevista ao escritor venezolano-lucense, gañador do premio O Facho. **Páx. 9**

Ulloa Viva e Altri



Falamos con Marta Gontá, da plataforma que loita contra esta industria. **Páx. 22**

Club Muralla



Organiza o torneo de Rugby 7 Arde Lucus este mes. **Páx.29**

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL



FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

CAMPAÑA RENTA 2024
¿SABES SI ESTÁS APLICANDO TODAS LAS DEDUCCIONES?

¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS?
CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante TU NEGOCIO.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo
Tel - 982 253 890 - 659 881 585 mail - administracion@mateoysanchez.es

A FONDO

Lugo volta ás súas orixes

Dende vivir coma un mercenario, ata aprender a tecer coma un castrexo ou a moer coma un romano: Clan de Breogán, Mercenarios Galaicos, Tir Na n'Og e Cohors III Lucensium preparan as novidades do Arde Lucus

Lucía Blanco

Os romanos e os castrexos volverán a tomar as rúas de Lugo na nova edición do Arde Lucus. Do 13 ao 16 de xuño, deuses, druídas, comerciantes, soldados ou gladiadores traerán aos nosos días o legado cultural e histórico da Gallaecia romana. A través das numerosas propostas que preparan dende o Concello e dende as 19 asociacións que forman parte da festa de recreación histórica lucenses e visitantes poderán viaxar no tempo e gozar dende do tradicional espectáculo do circo, ata contemplar como era a vida nun castro ou aprender a tecer, a pintar ou a moer como se facía na época.

TIR NA N'OG

Dende Tir Na n'Og afrontan esta nova convocatoria con ganas de que a xente se anime a formar parte do programa. "A festa é a razón pola que existe a asociación, imos a outras celebracións pero o Arde Lucus é o Arde Lucus. Todos os anos presentamos algunha actividade ou renovamos o campamento, pero mantemos a mesma enerxía de sempre", conta Lorena Boquete, a presidenta. Entre as súas propostas, poñen en marcha unha actividade sobre a decoración na plástica castrexa con pigmentos naturais.

"Estamos moi emocionados de traer isto porque levamos varios anos investigando como se facía e fomos a un curso para aprender e poder presentalo no público". O seu estudo do tecido e do fiado culmina noutra das iniciativas estrela. "Imos ter unha actividade para que a xente veña a tecer con nós. Contaremos con varios tipos de teares, de baixa tecnoloxía, como os da época,



listos para que probe todo o que se anime".

O colectivo ultima os detalles dunha preparación que, aseguran, leva meses. "Hai moito traballo detrás que nunca se ve e a loxística e deseñar as actividades implican tempo, aínda que o traballo duro, o físico, comeza coa montaxe a fin de semana anterior". Esta edición garda un significado especial para este grupo que conta con máis dunha década de experiencia na cita. "É moi importante para nós, entre outros motivos, porque temos a unha parella que tivo ao seu fillo o ano pasado e non puideron vir entón vai ser a primeira vez co neno. Facemos moita comunidade porque levamos xuntos desde o principio e tamén supón dar un paso máis adiante e demostrar que seguimos aquí".

CLAN DE BREGÁN

O campamento da asociación Clan de Breogán, que se encarga da divulgación histórica relativa ao mundo galaico, é unha das súas principais novidades. "O que máis vai chamar a atención é o novo pe-

che perimetral que vai moito máis adaptado ao que podería ser o peche dun castro. Ninguén ten o estilo que fixemos agora mesmo, é algo totalmente distinto", conta Mónica Rodríguez.

Os castrexos foron grandes ourives na súa época, polo que dende o colectivo apostan por presentar unha colección de pezas de cerámica e

xoiería. "Esperamos facer unha presentación dos obxectos, que están en proceso de fabricación, porque a colección está bastante completa pero optamos cada ano por incorporar 1 ou 2 máis". Tamén estean unha colaboración con Puraga, a asociación de criadores de cabalos de pura raza galega, da que nace unha peza audiovisual sobre a

presenza dos exemplares equinos na antiga Gallaecia que verá a súa luz na festa.

"A presenza do cabalo está documentada dende fai miles de anos e como está no noso logo tamén nos parecía unha colaboración moi interesante". Todo o traballo de Clan de Breogán responde a unha rigorosa documentación para achegar aspectos da vida cotiá dos nosos devanceiros. "Somos castrexos e o que está claro e que non imos a cambiar a historia de fai 2000 anos agás que alguén o xustifique. En todo o que facemos ímonos documentando e asesorando cun arqueólogo e con especialistas na materia".

MERCENARIOS GALAICOS

Mercenarios Galaicos, que levan traballando dende o 2013, achegarán de novo como era a vida destes guerreiros, aínda que decidiron darlle unha volta. "Este ano demos un cambio ao interior do campamento. Queríamos recrear o que sería un campamento itinerante durante algunha das campañas dos mercenarios lonxe da nosa terra", conta Richard, o tesoureiro. Centraranse na rutina e no seu día a día durante as campañas, dende a cociña ata a fabricación de armas na forxa ou o traballo ca madeira.

Por sexto ano consecutivo, o co-



●	UNIVERSIDAD Grado en:			ABAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS	j.m.rivas ACADEMIA
	ROBÓTICA	ENX. AGRÍCOLA	ENXEÑARÍA CIVIL		
	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENX. FORESTAL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II		
	BIOQUÍMICA Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND. Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA		
C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22			jmrivas.es		<p>ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS ATENCIÓN PERSONALIZADA GRUPOS REDUCIDOS Preparación específica para subir nota en ABAU</p>



lectivo presentou a moeda oficial castrexa da cita coa que resaltan a figura destes loitadores que, dende a península, desprazáronse á Galia para combater aos romanos xunto aos celtas Parisii. Para esta convocatoria poñen en circulación 1.000 exemplares da peza, que mide 24 mm de diámetro, 1,5 mm de grosor e pesa 15 gramos, e que se poderá adquirir nos establecementos colaboradores e no propio campamento da asociación na Horta do Seminario. Pero ademais do seu poder militar, os castrexos foron grandes menciñeiros. Elaboraban remedios para curar a persoas e animais, empregando herbas e materias naturais, unha tradición que o grupo dará a coñecer. “Está entre as nosas novidades, eles aproveitaban todo o poder das plantas para facer remedios, que tan ben nos viña nas nosas loitas cos romanos, para todo tipo de enfermidades e feridas”.

COHORS III LUCEMSIUM

Os lexionarios de Cohors III Lucensium non se perden unha edición dende o 2007. “Temos bastante experiencia. A verdade é que levamos moitos anos traballando de reo

para tratar de facer algo diferente aínda que costa”, conta Miguel Alvelo, o presidente. O seu reto: superarse en cada convocatoria e impregnar do espírito romano a festa. Este Arde Lucus impulsan unha actividade sobre a panadería romana para traer á actualidade as técnicas dunha profesión que tivo gran protagonismo no Imperio e que se herdaba de pais a fillos. “A maiores do campamento e dos actos militares, queremos facer unha demostración cun muíño pompeiano que temos para cambiar un pouco. Montaremos no lateral do Concello”. Os esforzos concentráronse en poucos días para ver os resultados dunha dedicación constante. “Creo que todas as asociacións estamos traballando practicamente case todo o ano, porque ademais non é só o Arde Lucus, nós tamén nos movemos fóra”. Xunto coas citas en Friol e Cambre, viaxarán ata Portugal e Moldavia, aínda que ningunha das celebracións lle fai sombra á de Lugo. “Non me canso de dicilo aquí a xente é moi participativa e implícase moito, que ao final é o máis satisfactorio. Cando imos fóra, vemos que hai movemento e que se fan espectáculos que están moi ben pero tanta participación coma en Lugo

non encontras”, asegura Alvelo Xunto con Ara Roma, Asamblearias Lucus Augusti, Caetra Lucensium, Civitas Lucensis, Guardia Pretoriana, Kertix, Lucus Equites, Lucus Icenas Miliatore, Lugdunum, Pax Romana Lucus, Salesiani Luci Augusti, Senatus Lucus Augusti, Terra Copora, Trebas Galaicas e Vestales Lucus Augusti compoñen o tecido asociativo grazas ao que en cada edición se rememora a fundación da cidade, se reconstrúe a convivencia entre romanos e castrexos e se achega un pasado que sigue máis vivo que nunca.



ARDE LUCUS 2024

Máis de 300 actividades para implicar á xuventude

O Arde Lucus ofertará máis de 300 actividades enfocadas a exaltar a recreación histórica, a potenciar a animación na rúa e a acadar a implicación da xente nova. Ademais do respaldo das asociacións, participan 20 centros de no gran desfile do domingo con máis de 4.000 persoas caracterizadas, acompañadas por unha ducia de colectivos chegados de toda a Península Ibérica e doutros puntos de Europa.

Entre as novidades instaurase, xusto antes do apagado do lume, unha homenaxe dedicada á memoria dos cidadáns “que xa non están connosco pero que fixeron moito polo Arde Lucus”, sinala a alcaldesa, Paula Alvarellos. Tamén bota a andar na praza de Ferrol A Palestra, na que participan uns 200 nenos e nenas de clubs deportivos da cidade que adaptaron os deportes actuais ás disciplinas da época. Na explanada do pavillón dos deportes, os protagonistas serán os Xogos Píticos “unha recreación histórica dos xogos olímpicos na honra do deus

Apolo”, explicou o concelleiro de Xuventude, Jorge Bustos.

En canto ás incorporacións dirixidas aos máis novos, ofértanse máis actos no Miúdo Arte e a segunda edición de Cantando o Arde Lucus, coa participación de varios centros de ensino. Entre outros cambios, está a recuperación dos postos de comida e restauración, que volven a formar parte da festa, como fixeron nas edicións anteriores á pandemia; novos espectáculos de lume; e a potenciación de máis actividades de animación na rúa.

O Concello tamén busca que a música se converta nun importante reclamo. Nesta vixésimo terceira edición da festa de interese turístico galego, nacional e internacional, contarase cun concerto do máis alto nivel para a noite do sábado. O grupo canadense The Real Mckenzie, toda unha referencia a nivel mundial no punk folk, que destaca por mesturar rock e folk coa música tradicional escocesa, actuará na praza Horta do Seminario.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es



O programa do Arde Lvcvs 2024

XOVES 13

- **21:00 h. Entrada de lexións romanas** ao mando do xeneral Caio Antistio "Ou Vello" e toma da cidade. Ponte Romana
- **21:15 h. Os Avgvres bendín as tropas e os estandartes.** Inicio do paseo fluvial desde a Ponte Romano
- **22:00 h. Aceso do fogo sacro de Vesta.** Fondo de Pr. Maior (Templo das Vestales)

VENRES 14

- **12:00 h. Cantando ao Arde Lvcvs:** CPR. Franciscanos Lvgo, CEIP. Manuel Mallo Mallo, CPR. A Milagrosa Lvgo, CEIP. Paradai, CEIP. Lvis Pimentel, CEIP. Benigno Qviroga Ballesteros, CEIP. As Gándaras. Pr. Sta María
- **17:00 h. Inauguración do Macellvm.** Son de Lugh. Pr. Maior
- **17:15 h. Pveris Tympana Tympana Galaica.** Pr. Soidade e polas rúas da cidadad
- **17:30 h. Inauguración da Castra.** Son de Lugh. Castra de Lvcvs Avgvsti (parque Rosalía de Castro)
- **17:45 h. Invocación aos deuses galaicos.** Lugdunum. Castra de Lucus Avgvsti (parque Rosalía de Castro)
- **17:55 a 19:00 h. Censado da cidadanía romana e castrexa.** Pax Romana. Pr. da Constitución
- **18:00 h. As hordas convócanche.** Pr. da Soidade e polas rúas da cidade
- **18:05 h. Nasciturus.** Quiosco da Pr. Maior
- **18:10 h. Fábulas do Deus Pan.** Polas rúas da cidade
- **18:15 h. Chegan as Bestas** Rúa Quiroga Ballesteros e polas rúas da cidade

- **18:20 a 20:00 h. Degustación de Pote Galaico.** Trebas Galaicas. Cantío Nemesio Cobreros
- **18:00 h. Munera Gladiatora.** Ars Dimicandi. Pr. Santa María
- **18:35 h. Facendo moedas.** Caetra Lvcensivm. Pr. do Ferrol
- **18:45 h. Acendido das olimpíadas.** Palestra de Lvcvs Avgvsti. Pr. do Ferrol
- **18:50 h. Ofrenda á Deusa Brigit.** Clan de Breogán. Castra de Lvcvs Avgvsti (parque Rosalía de Castro)
- **19:00 h. Bautizos celtas.** Porta Miñá
- **19:05 a 20:30 h. Pedites Sfera.** Chaira do Pavillón de Deportes
- **19:10 h. O rapto das Sabinas.** Pr. Maior
- **19:15 h. Conferencia:** Muller e relixión con María Vázquez. Vestales de Lvcvs Avgvsti. Pr. Maior
- **19:30 h. Vodas romanas.** Quiosco da Praza Maior
- **20:00 h. Theatrum:** Avgvsto contra vos Galaicos. Ara Roma, Asemblearias de Lvcvs Avgvsti, Caetra Lvcensivm, Salesiani Lvcv Avgvsti, Senatvs de Lvcvs Avgvsti, Kértix. Pr. Santa María
- **20:30 h. Danza Saltatore** Star Dance. Palestra de Lvcvs Avgvsti (Pr. do Ferrol)
- **20:45 h. O fauno na rúa.** Polas rúas da cidade
- **21:00 h. Theatrum:** Asemblea Galaica. Declaración de Gverra. Tir Na N'Og, Lugdunum, Mercenarios Galaicos, Clan de Breogán, Terra Copora, Civitas Lvcensis, Lvcvs Icenas Miliatore, Trebas Galaicas. Pr. Santa María
- **21:15 h. Vodas celtas.** Porta Miñá
- **21:20 h. A maldición castrexa.** Quiroga Ballesteros e polas rúas da cidade



SÁBADO 15

- **11:00 h. Apertura Macellvm e Castra** de Lvcvs Avgvsti. Pr. Maior / Parque Rosalía de Castro
- **11:15 h. Herbas e Medicina Galaica.** Mercenarios Galaicos. Pr. Horta do Seminario
- **11:20 h. A comerciante Mineia.** Asemblearias de Lvcvs Avgvsti. Xardíns do Museo Provincial
- **11:30 h. Profecías de guerra.** Pr. Maior e polas rúas da cidade
- **11:35 h. Sermo Vulgaris.** Kértix. Pr. Pío XII
- **11:45 h. Theatrum:** Leprosi Fvgiamvs. Achádego Teatro. Pr. do Ferrol e polas rúas da cidadad
- **12:00 h. Escola de gladiadores.** Ars Dimicandi. Pr. Santa María
- **12:10 h. Nasciturus.** Quiosco da Pr.

Maior

- **12:15 h. Bestiarios Fantásticos.** Campo Castelo e polas rúas da cidade
- **12:30 h. Nomeamento de Civitas Honoris** e recepción de tropas estranxeiras. Fondo Pr. Maior
- **12:35 h. Fauno Saltatori.** Polas rúas da cidade
- **12:45 h. Theatrum:** A aventura de Ulises. Asoc. Cvrvxán. Pr. Campo Castelo
- **12:50 h. Degustación de bucellatum.** Guardia Pretoriana. Pr. San Marcos
- **13:00 h. Theatrum:** Miss Vestal. Senatvs de Lvcvs Avgvsti. Fondo Pr. Maior
- **13:10 h. Lanzamento de xavelina:** Xogos Píticos. Lvcivs Spicvlvs Divvlgación. Chaira do Pavillón dos Deportes

- **13:15 h. Fora "O asalto".** Asoc. Mercadores Atávicos. Pr. Pío XII
- **13:30 h. A saída do Deus Lvgh Son de Lugh.** Bispo Aguirre e polas rúas da cidade
- **13:45 h. Moradores de Hades.** Pr. da Soidade e polas rúas da cidade
- **14:00 h. Buscando aliados Lvcvs Icenas Miliatore.** Polas rúas da cidade
- **16:00 h. Tambores de Braga.** Pr. Horta do Seminario
- **16:30 h. Theatrum:** Architectvs et Caesar. Jvan Casaveteiro. Campo Castelo
- **16:45 h. Adestramento de loita con pau.** Asoc. Mercadores Atávicos. Pr. Maior
- **17:00 h. A chamada dos orcos.** Fondo Pr. Maior e polas rúas da cidade

OBRASY REFORMAS JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauracións • Acondicionamentos
Mantenimentos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

Morera
Tu tienda gourmet

CONSERVAS QUE DELEITAN,
EMBUTIDOS QUE CAUTIVAN,
VINOS QUE SORPRENDEN
Y BOCATAS QUE ENAMORAN

Doctor Castro nº 15. 27001 Lugo / Telf.: 982 873 859
tienda@moreagourmet.es / moreagourmet.es

- **17:15 h. Caiellach e as hordas.** Pr. Constitución e polas rúas da cidade e as hordas
- **17:30. Gladiatura e redención.** Ars Dimicandi. Santa María
- **17:35 h. Vodas romanas.** Quiosco da Pr. Maior
- **17:45 h. Oráculo do Druída Lugdunum.** Castra de Lvcvs Avgvsti (Parque de Rosalía de Castro)
- **17:50 h. Contos do fauno.** Polas da cidade
- **18:00 h. Circus Romano.** Chaira do Pavillón Mvncipal (espectáculo con entrada de 6 euros)
- **18:15 h. Asalto ao monte Medulio.** Guardia Pretoriana, Mercenarios Galaicos, Trebas Galaicas. Rúa Cantíño Nemesio Cobreros
- **18:30 h e 19:30 h. Theatrum:** Vivir nas nubes Hipócrata Teatro. Pr. Santa María
- **18:35 h. Galeno e os caídos** Salesiani Lvc Avgvsti e Terra Copora. Castra de Lvcvs Avgvsti (Parque Rosalía de Castro)
- **18:45 h. Confrarías Galaicas** Tir Na N'Og. Castra (Parque Rosalía de Castro)
- **19:00 h. Extremis Diavolv.** Lois Peña e polas rúas da cidade
- **19:10 h. Bautizos Celtas.** Porta Miñá
- **19:15 h. Construindo un cabeceiro castrexo** Cordex Artífes Luci. Pr. Campo Castelo
- **19:30 h. Theatrum:** Venda de escravos Asoc. Cvrvxán. Quiosco da Pr. Maior
- **19:45 h. Perseguindo ás ninfas.** Polas rúas da cidade
- **20:00 h. A fuxida de Tympana.** Tympana Galaica. Pr. da Soidade e polas rúas da cidade
- **20:15 h. Danzas saturnales.** Pr. Campo Castelo e polas rúas da cidade
- **20:30 h. Desfile de tropas romanas e tribvs castrexas.** Participan: Clan de Breogán, Tir Na N'Og, Terra Copora, Gverras Cántabras, Civitas Lvcensis, Lvcvs Icenas Miliatore, A Castronela, Son de Lvgh, Lvgdvnvm, Civitas Limicorvm de Xinzo de Limia, Astvres e Romanos de Astorga, Cordes Artífes Lvcí, Papi lionem Fiandeira, Mercadores Atávicos Mercenarios Galaicos, Trebas

Galaicas, Irmáns de armas (Arredo, A Rioxa)Astvres de carabanzo (Carabanzo, Lena, Astvrias)Tecer para Medrar, FADAS, PVRAGA (Boqueixón) Gaebolgh (León), Tympana Galaica, Caesar, Caio Antistio, Pavlo Fabio, Ara Roma, Asemblearias de Lvcvs Avgvsti, Vestais de Lvcvs Avgvsti, Kertix, Pax Romana, Lvcvs Eqvites, Caetra Lvcensivm, Guardia Pretoriana, Salesiani Lvcí Avgvsti, AEFRH, Cohors Lvcensivm, Asociación Cvltvral Geto Dacii de Moldova de Rvmanía, Federación de tropas e lexións de Carthago Nova, Legio VI victrix de Portugal, Astvres de legio Macedónica (León). Rolda Muralla (porta de Santiago ata Bispo Odoario) Rola da Mvralla permanecerá pechada ao tráfico de 20:00 a 21:30 h.

- **20:45 h. Tambores de batalla.** Pr. Maior e polas rúas da cidade
- **21:00 h. Theatrum:** A aventura de Vlises Asoc. Cvrvxán. Porta Miñá
- **21:15 h. Vodas Celtas.** Porta Miñá
- **21:30 h. Theatrum:** Architectvs et Caesar Jvan Casaveteiro. Pr. dá Soidade
- **21:45 h. Versos Satvrnios.** Polas rúas da cidade
- **22:00 h. Escola de gladiadores** Ars Dimicandi. Fondo Pr. Santo Domingo
- **22:15 h. Tambores de Braga.** Pr. Campo Castelo
- **22:30 h. A filla de Zeus.** Pr. Maior e polas rúas da cidade
- **22:45 h. Tambores de vinganza** Tabucada. Pr. Horta do Seminario e polas rúas da cidade



- **23:00 h. Ragnarok.** Espectáculo de forza e lume. Pr. Santa María
- **23:15 h. Forxando guerreiros,** ritual de iniciación Mercenarios Galaicos. Pr. Horta do Seminario
- **23:45 h. Theatrum:** Venda de escravos Asoc. Curuxán. Fondo da Pr. Maior
- **00:00 h. Concerto** The Real Mckenzie. Confluencia Alcalde López Pérez con Av. Rodríguez Movrelo
- **00:15 h. Lendas da noite.** Pr. da Soidade e polas rúas da cidade
- **00:30 h. Parada con fachos** Cohors III Lucensium. Polas rúas da cidade e adarve da Mvralla
- **01:00 h. O rapto de Perséfone.** Pr. Maior, diante do Concello
- **01:30 h. Os tambores de Bloco Meigallo.** Pr. Maior e polas rúas da cidade

DOMINGO 16

- **11:00 h. Apertura Macellum e Castra** de Lvcvs Avgvsti. Pr. Maior / Parque Rosalía de Castro
- **11:30 h. Desfile dos Scholarvm:** CPR San José, CEIP Lvis Pimentel, CPR A Inmacvlada, CPR María Avxiladora, CEIP Rosalía De Castro, EEI Fingoi II, Cpr A Milagrosa, CEIP As Gándaras, CPR Divino Mestre, CEIP Sacro Corazón, CEIP A Ponte, CEIP Qviroga Ballesteros, CEIP As Mercedes, CPR Franciscanos, CEIP Anexa, CEIP Albeiros, CEIP Menéndez Pelayo, CPR Cervantes, CEIP Salesianos, CEIP Illa Verde. Pr. Santo Domingo
- **11:35 h. O ourive Terra Cópora.**

- Castra de Lvcvs Avgvsti (parque Rosalía de Castro)
- **11:40 h. Melodías ancestrais.** Pr. Horta do Seminario e polas rúas da cidade
- **11:45 h. Insigniv Scholarvm.** Fondo Pr. Maior
- **11:50 h. Bosque encantado.** Pr. Campo Castelo e polas rúas da cidade
- **11:55 e 14:00 h. Theatrum:** Scenas Inspirati Nostrvm Cai. Pr. da Soidade
- **12:00 h. Escola de gladiadores** Ars Dimicandi. Pr. Santa María
- **12:05 h. O labirinto do fauno.** Pr. dá Soidade e polas rúas da cidade
- **12:15 h. Pinchacarneiro.** Polas rúas da cidade
- **12:30 h. De ases e sestercios** Caetra Lvcensivm. Pr. do Ferrol
- **12:35 h. Xogos infantís** Civitas Lvcensis. Castra de Lvcvs Avgvsti (parque Rosalía de Castro)
- **12:40 h. Theatrum:** Architectvs et Caesar Jvan Casaveteiro. Pr. Campo Castelo
- **12:45 h. Bellicrepa.** Pr. Maior e polas rúas da cidade
- **13:00 h. Theatrum:** Miss Vestal Senatvs de Lvcvs Avgvsti. Fondo Pr. Maior
- **13:10 h. Degustación de Libvm** Guardia Pretoriana. Pr. San Marcos
- **13:15 h. A chamada de Endo.** Pr. da Soidade e polas rúas da cidade
- **13:20 h. Ataque e defensa de lexión.** Lvcvs Eqvites. Pr. Horta do Seminario e polas rúas da cidade

- **13:25 h. Bestiario.** Pr. Maior e polas rúas da cidade
- **13:30 h. Cerimonia lexionario caído.** Ronsel fvneraria Pax Romana. Pr. da Constitución
- **13:45 h. Tambores de Braga.** Pr. Campo Castelo e polas rúas da cidade
- **14:00 h. A Arenga Icená.** Lvcvs Icenas Miliatore. Pr. Campo Castelo
- **16:30 h. Tambores de Braga.** Pr. Campo Castelo e polas rúas da cidade
- **16:55 h. Taller de cestería.** Civitas Lvcensis. Castra de Lvcvs Avgvsti (Parque Rosalía de Castro)
- **17:00 h. Os galaicos divíntense.** Son de Lugh. Pr. Santa María
- **17:05 h. O favno.** Polas rúas da cidade
- **17:10 h. Bautizos Celtas.** Porta Miñá
- **17:15 a 19:00 h. Cerámica castrexa** con Sandra Obarrio. Tir Na N'Og. Castra de Lvcvs Avgvsti (Parque Rosalía de Castro)
- **17:20 h. Artesanía Romana.** Kertix. Pr. Pío XII
- **17:30 h. Os últimos devanceiros.** Pr. Campo Castelo e polas rúas da cidade
- **17:45 h. Arboris itinerante.** Pr. Soidade e polas rúas da cidade
- **18:00 h. Deuses da mitoloxía romana.** Ara Roma. Pr. Anxo Fernández Gómez
- **18:15 h. Theatrum:** Architectvs et Caesar Jvan Casaveteiro. Fondo Pr. Maior
- **18:30 h. Vodas celtas.** Porta Miñá
- **18:35 h. Loita de gladiadoras.** Salesiani Lvcí Avgvsti. Castra de Lvcvs Avgvsti (Parque Rosalía de Castro)
- **19:00 h. A gladiatura.** Ars Dimicandi. Pr. Santa María
- **19:30 h. O éxodo do gverreiro.** Pr. Maior e polas rúas da cidade
- **20:00 h. Nacemento dun pobo galaico-romano.** Asociacións Arde Lvcvs. Rda da Muralla, diante da Mosqueira
- **21:00 h. Lavdatio Amicvs Absens.** Fondo Pr. Maior (Templo das Vestales)
- **21:30 h. As vestales preservan o lume** sacro do Arde Lvcvs. Fondo de Pr. Maior (Templo das Vestales)

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

"CON POCO HACES MUCHO"

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

50%
descuento

en todos los
muebles
de la
exposición

Piden que se derroque o decreto que fixa un mínimo de estudantes

A viceportavoz do Grupo Socialista, Lara Méndez, reclamoulle ao conselleiro de Educación que derroque o Decreto 222/2011, que fixa un mínimo de 45 alumnos de novo ingreso para garantir a continuidade dos graos universitarios nos campus periféricos.

A responsable socialista presentou unha pregunta oral para reclamarlle á Xunta que retire esta "espada de Damocles" que pon en risco a continuidade de varios graos no Campus Terra da cidade de Lugo.

Explicou que esta norma pon en perigo os graos de Paisaxe e Enxeñaría Civil ou de Procesos Químicos que o Goberno galego quixo suprimir, mentres os graos de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e o de Enxeñaría Forestal e do medio natural serían convertidos en interuniversitarios no ano 2025. Advertiu que a reestruturación, que foi aprazada pola presión da comunidade universitaria, as institucións locais e a sociedade lucense, aínda ameaza ao campus.

Sinalou que a continuidade destas carreiras universitarias "non pode depender unicamente de dispor dun mínimo de alumnado" cando se trata por exemplo neste caso dunha formación especializada vencellada ao sector agrario, e polo tanto "columna vertebral do Campus Terra". Lonxe de suprimilas, reclamou potenciar es-

tas ensinanzas, porque "diso depende o motor económico dunha cidade, unha provincia e mesmo de toda Galicia, que é o sector Primario".

Reclamoulle ao goberno galego que varíe os criterios para a continuidade das titulacións, xa que a día de hoxe "aos enxeñeiros agrícolas e forestais os van buscar á Universidade", polo que, dixo, "ao mellor é máis importante promocionar as universidades e os títulos universitarios". Criticou que se lles "enche a boca de apostar polo medio rural, o medio ambiente e o forestal, pero necesitamos profesionais que fagan ese traballo no territorio".

CRITERIO UNIFICADO. Pola súa parte, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez indicou que este número mínimo permite ofrecer propostas atractivas para o alumnado e a mellora constante do sistema, ademais de ser un criterio acordado coas tres universidades.

"Os cambios realizados no Campus Terra ata agora foron moi positivos e permitiron crear novas titulacións que fixeron medrar o alumnado", rematou. E avanzou que nos próximos meses cómpre analizar coas universidades cales son as decisións que toman sobre a oferta global dos seus campus para continuar nesta senda.

A cidade recupera o posto de atención turística da praza Maior

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, e Rubén Arroxo, Tenente Alcalde, visitaron o posto de atención turística da praza Maior, que comezou a funcionar. Maite Ferreiro destacou a importancia deste punto, "que nos permite aumentar ano tras ano a cantidade de visitantes que reciben información turística á súa chegada a Lugo para mellorar a súa estancia na cidade".

Durante o ano pasado, o punto de información turística atendeu en a preto de 50.000 persoas. Entre os visitantes que se achegaron ás distintas instalacións turísticas, destacaron os procedentes do resto de Galiza, ademais das principais zonas do estado como Madrid e



Cataluña, seguidos de Valencia, País Vasco e Andalucía. Francia, Portugal, Reino Unido e Alemaña son os países con máis turistas es-

tranxeiros rexistrados nas estatísticas municipais, onde hai rexistros de turistas de distintos países de todo o mundo.

O Museo Provincial expón unha escultura de Gregorio Fernández

O Museo Provincial incorpora á súa exposición unha nova escultura, concretamente a *Madalena Penitente* do escultor sarriao do Barroco Gregorio Fernández.

O mecenas Adolfo Autric Amarillo de Sancho foi o autor deste depósito ás coleccións de arte do Museo, proporcionando unha imaxe que representa a Madalena Penitente segundo a iconografía barroca da época. Antes deste depósito, esta peza estivo exposta no Museo de Belas Artes de Córdoba. Agora atópase en Lugo a disposición de toda a cidadanía. Así, esta é a única obra atribuída a Gregorio Fernández que se amosa

neste museo na sala 6 dentro dunha vitrina ad hoc.

O sarriao Gregorio Fernández desenvolveu a maior parte da súa produción artística no seu obradoiro de Valladolid desde donde surtía múltiples peticións de traballos. Así, é o escultor máis representativo da escola barroca castelá ou vallisoletana e o maior imaxineiro do seu tempo, sendo recoñecido e seu labor tanto en vida, con numerosos encargos, como trala súa morte, na historia da arte.

Desde o Museo Provincial de Lugo agradecen profundamente o depósito desta escultura de vulto redondo



en madeira tallada e policromada, realizado a cinco anos prorrogables, por parte de Adolfo Autric, "así como as xestións do xornalista Paco Rivera cuxo impulso e interese fixeron posible esta realidade de ter representación da produción artística de Gregorio Fernández no MPL", defenden.

MARMOLES VILARO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

A Candeloria Pista Extra presenta o seu cartel da cita de novembro

A Candeloria Pista Extra presenta o seu cartel completo. A cita chega ao Pazo de Feiras e Congressos de Lugo o vindeiro 30 de novembro con artistas referentes do rock, do rap, do punk internacional e do ska-punk. Non Servium, Banda Basotti, El Drogas e Machete en boca son os primeiros grupos que forman parte do programa. Complétano Ruxe Ruxe, Defcondos, Brassica Rapa, Familia Caamagno e Jordi Pánico.

Non Servium veu no 2018 coma unha das bandas máis potentes do panorama estatal e regresan ó pista extra convertidos en verda-

deiras iconas do punk internacional. O evento xorde en paralelo á Candeloria, festival referente na música punk rock en Galicia e no resto do Estado, aínda que comparte os mesmos valores, identidade e paixón.

Pola súa parte, Banda Basotti mantense coma un dos grupos máis históricos do ska-punk, polo que achegará á cidade os temas máis emblemáticos da súa traxectoria para bailar e non parar de corear os seus himnos. Tamén se suma ao festival El Drogas, unha lenda do rock e punk que, en plena xira do seu

directo -40 grados repasará toda a traxectoria de Barricada e algún dos temas propios.

A eles únense Machete en boca, unha banda referente de rap antifascista e feminista. A última edición da Candeloria celebrouse o 1 e 2 de marzo no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo, chegando ao seu décimo aniversario. Actuaron Mafalda ou Zoo, que anunciaron a súa despedida dos escenarios en 2024, Soziedad Alkoholika, Los Chikos del Maíz, Rebelliom do Inframundo, Familia Caamagno ou Arrhythmia, entre outros.

Inauguran unha mostra contra os estereotipos

Promover o liderado feminino e incrementar a educación de calidade para romper estereotipos e os círculos de pobreza, estigma e discriminación. Estes son algúns dos obxectivos que persigue a mostra *Destino Igualdade*, inaugurada no Vello Cárcere.

A mostra, impulsada pola Fundación Vicente Ferrer, recalca no Vello Cárcere despois de visitar algúns centros de ensino, como o IES Muralla Romana, o IES Ánxel Fole e o IES Sanxillao, onde ademais se desenvolveron actividades de concienciación.

A mostra itinerante, que poderá visitarse ata o vindeiro 30 de xuño, ten como obxectivo fomentar o espírito de solidariedade, mellorar o coñecemento e información sobre a problemática dos países máis desfavorecidos e estimular a participación da cidadanía lucense nas tarefas de cooperación internacional.

Homenaxe a Enrique Alvarellos no aniversario do seu falecemento



O Concello de Lugo lembrou a Enrique Alvarellos no 20 aniversario do seu falecemento na praza da Mosqueira, que acolleu o acto no que se colocou unha placa a carón de onde tivo a academia e a editora.

O acto contou coa intervención da concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, xunto con Cecilia Alvarellos, representando á familia. O Coro do

Hospital interpretou un fragmento da Cantata á Lanzada, composta por Enrique Alvarellos e o clarinetista Gerard Vázquez rematou o acto interpretando Unha noite na eira do trigo de Xoán Monte.

Maite Ferreiro explicou que "a figura de Alvarellos transcendeu o seu labor docente, a actividade cultural de Enrique Alvarellos estivo ligada a Lugo dende o 1963 ata o ano 2000".

Volve a formación viaria no parque da Milagrosa a uns 300 estudantes



Preto de 300 estudantes de 6 colexios de Lugo recibirán formación en educación viaria ata final de curso. No Parque Infantil de Tráfico situado no Parque da Milagrosa comezaron os cursos de educación viaria para escolares postos en marcha pola Tenencia de Alcaldía en colaboración coa DXT.

"Coa posta en marcha destes cursos recuperamos o funcionamento do PIT e traballamos na formación das nenas e nenos, obxectivo principal desta instalación", afirmou

Maite Ferreiro, que engadiu "de cara aos vindeiros cursos continuaremos a traballar para chegar a todos os centros de ensino que o desexen e traer a esta instalación ao maior número de estudantes posible".

A Tenencia de Alcaldía e a DXT traballarán para "achegar coñecemento e boas prácticas sobre seguridade vial a todas as nenas e nenos do Concello de Lugo, a través de colaboracións que se farán chegar tamén aos centros de ensino".

EXPOSICIÓN



A Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos acolle a mostra Corcosendo. A memoria das costureiras da Ulloa, froito dun proxecto antropológico-artístico impulsado polo Instituto de Estudos Ulloáns (IEU) para recuperar a memoria oral da Ulloa, centrándose no importante papel que o oficio da costura xogou na vida das mulleres da comarca.

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
 Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

O PP critica ao Concello por non decidir o modelo de xestión do auditorio

Silvia Colmenero afirma que é unha tomadura de pelo que o Goberno local aínda non teña decidido o modelo de xestión do auditorio de Magoi “ou ben hai unha falta de traballo ou ben menten, dicimos isto porque a alcaldesa, no balance dos 100 días, expresou a vontade de abril en breve indicando que xa se deran os pasos para definir o seu modelo de xestión”.

Os populares lembran como pasou un mes dende estas declaracións e aseguran que o único que fixo Paula Alvarellos foi manter reunións internas con técnicos de diferentes servizos municipais. “O grave é que imos para 4 anos dende que o goberno local recibiu as chaves do Auditorio e tanto PSOE como BNG á pregunta de se se abrirá antes do mes de xullo deste anos contestan que está en precario”, din.

O resto das cuestións que preguntou o Grupo Municipal na Comisión de Contas correron a mesma sorte. Con respecto ás peticións de licenzas para rehabilitar na Tinería os números 18 e 22, informan que



“curiosamente” tres días despois de rexistrar a pregunta envían un requirimento ao IGUS, propietario dos inmobles.

A popular reflexionaba que é outra proba de que “este Goberno local só traballa a golpe das preguntas e rogos que presentamos”. Xa con respecto as bases das axudas para rehabilitación no casco histórico volven a derivar a responsabilidade aos persoal municipal co risco de perder a convocatoria. Os populares lamentaron “o novo modelo de contestación do Goberno local” que diante da pregunta sobre o uso do Impulso Verde remiten á información que se publica nos medios. “É unha falta de respecto á oposición” concluía Colmenero.

Lugo celebra o centenario da obra ‘Ulises’ xunto a outras 18 cidades

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, e a concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, presentaron a programación do último ano da celebración do Centenario de *Ulises*, organizado pola rede europea Ulysses European Odyssey e que coloca a Lugo no mapa da cultura a nivel europeo capitais como París, Atenas, Budapest, Berlín, Copenhage e Estambul, entre moitas outras. A presentación contou coa participación de Branca Novneyra, representante da Fundación Uxío Novoneyra, colaboradora coa rede.

Lugo é unha das 18 cidades asociadas neste proxecto de cooperación a grande escala -o primeiro no que participa a cidade da Muralla- e que convoca outras 17 urbes europeas, entre elas as grandes capitais estatais e culturais do continente, representando cada unha un capítulo desta obra mestra da literatura universal. Este proxecto está inspirado no libro *Ulises*, do escritor irlandés James Joyce, do cal se celebrou no ano 2022 o centenario da súa publicación por toda Europa, dando



comezo a unha rolda de homenaxes por 18 cidades europeas que remata este ano.


A cidade de Lugo será o escenario do episodio VIII de Ulises, Lestrygonians, no que Leopold Bloom para na súa longa andaina polas rúas de Dublín para comer. A comida e o paseo son, por tanto, os protagonistas temáticos da interpretación lucense deste episodio. Neste sentido, Lugo é o escenario perfecto para a encarnación de Lestrygonians baixo o título: Pasear o vinho á volta da Muralla, tanto pola cantidade e calidade

dos seus elementos culinarios, como pola diversidade e antigüidade do seu patrimonio cultural.

Tras o éxito da primeira edición en maio de 2023, Lugo, xa coñecida como destino gastronómico no centro da gastronomía galega, acolle outro programa imperdible de fin de semana con comida, música e espectáculos, inspirado no episodio Lestrygonians do *Ulises* de James Joyce. Música, danza, poesía, charlas e outros actos relacionados cos deliciosos alimentos e vinos que se producen en Galiza.

A escola vaise de vacacións, a educación non

O PUPITRE



Julio Díaz

O tema das vacacións é complexo e cada país o resolve a súa maneira. Hai algúns que as fragmentan máis ao longo do curso, outros as gozan máis no verán e outros máis no inverno. O certo é que non se toman decisións por motivos pedagóxicos, senón por motivos económicos, sociais ou laborais. Unha das razóns que soen esgrimirse a favor dunhas longas vacacións é que os rapaces poidan dedicar máis tempo ao ocio e á vida familiar. Eu o da vida familiar vou poñelo en co-rentena.

Un problema pedagóxico non resolto que preocupa aos pais é si deben intentar que os seus fillos estuden algo durante o verán. Circula unha ideoloxía veraniega que considera que os alumnos teñen dereito a gozar dun tempo longo de descanso para repoñer forzas. Madrugar, xornada escolar, tarefas, actividades extraescolares... Os nenos coma os adultos, chegan ao verán cansados. Pero as vacacións son un período moi longo e pódese descansar un tempo -dúas

ou tres semanas- e traballar un pouco tamén. Por exemplo, para aqueles alumnos que tivesen un bo nivel durante o curso no verán poden ler, buscar, descubrir, analizar ou reflexionar sobre algunha información relacionada con temas do seu interese. Poden ser actividades atractivas que o motiven.

As tarefas de verán non poden ser unha repetición do feito durante o curso. Hai que procurar que sexan amenas, cun clima positivo e que non supoñan unha carga que provoquen un rexeitamento automático do rapaz. Tampouco deben ser exercicios repetitivos resultando fundamental que os tempos dedicados ao repaso sexan períodos curtos. De forma xeneralizada media hora, para os máis cativos, e unha hora para os maiores, son máis que suficientes para ir reforzando o aprendido. Os nenos que superen satisfactoriamente o curso poden tratalo como un castigo si se lle esixe moito tempo diariamente.

Evidentemente, non é a mesma situación para aqueles alumnos que superen o curso sen problemas que para quen non alcanzaron os mínimos esixidos. Si o rapaz traballa durante o curso, pero o rendimento non foi o desexado,

recoméndase que os primeiros días descanse e goce dunha desconexión total para, despois, programar ben o plan de traballo. Alternar días de descanso e de traballo pode servir para incrementar os niveis de rendemento e motivación. Os alumnos que realizaron esforzo durante o curso, independentemente dos resultados, merecen tempo de lecer que debe ser activo, non limitándose ao sofá, televisión, videoxogos...

Ten que existir un balance entre o tempo de traballo e o tempo de ocio. Aínda que se “atragoe” o curso sempre hai tempo para gozar e descansar. É importante asegurarse que os rapaces se fagan responsables das súas tarefas e, ademais, de forma eficiente sen perder o tempo. As vacacións serven para que o neno descanse e tome forzas para afrontar un novo curso, pero tamén, para gozar da familia sen presas, da natureza, dos deportes, das relacións con outras persoas...

As vacacións escolares deben supoñer que a educación formal se retire durante un período de tempo para deixar paso a unha educación non formal, mais ben informal.

O dito, a escola vaise de vacacións, a educación NON.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

“Sentía que só podía expresar a miña experiencia migratoria co galego”

O escritor venezolano-lucense Simón Rodríguez recibiu o premio O Facho pola súa ópera prima

Lucía Blanco

Leva apenas cinco anos en Galicia, pero Simón Rodríguez é un deses mozos grazas ao que o futuro da lingua está asegurado. Este venezolano defendeu, dende o seu primeiro contacto coa nosa terra, que o galego “merece ser conservado, protexido e divulgado”. O escritor encontrou no noso idioma o único xeito de expresar o seu proceso migratorio, co que logrou o seu primeiro recoñecemento como poeta, pois foi o ganador do concurso O Facho no 2023.

Rodríguez, coñecido en redes como Galego de Caracas, afincouse en Lugo tras obter unha Bolsa Excelexencia Mocidade Exterior (BEME). “A pesar de que a miña familia por parte de pai era de orixe galega, non é que tivera moito contacto con ela, porque os meus avós morreran cando era moi cativo. Dende o primeiro momento tiña ese desexo de aprender todo e de integrarme, porque tamén viña coa idea de quedarme”, afirma.

Este filólogo e xestor cultural lembra como durante a súa infancia mantiñan pequenos costumes na súa casa, como facer o caldo, cos que conservaban a herdanza familiar. Achegarse cada vez máis á terra dos seus devanceiros fixo que nel crecera unha admiración pola comunidade. “Ao ir coñecendo Galiza e ver todo o que me ofrecía, funme namorando da cultura e agora téñolle un cariño grandísimo e por iso que tamén intento promover a súa cultura”. O idioma foi fundamental neste proceso. Nada máis chegar, Simón decatouse de que se quería moverse no eido das letras debía interiorizar a lingua.



Foto: Daniela Blanco Santos

“Ademais tiña esa conciencia do seu valor intrínseco. Prendeu en min esa idea de usala na miña carreira, na miña escrita e nos meus proxectos”. O obxectivo para este neofalante estaba claro: poderse expresar a través da poesía. “Era unha das cousas que máis me motivaba. Quería facelo mellor para chegar ao punto de escribir poesía, porque sentía que o que estaba acontecendo en min a nivel de identidade e experiencia migratoria tiña que expresalo en galego, permitiame chegar ata lugares do sentimento e ata experiencias que non era capaz de chegar con palabras do castelán”, sostén.

NEOFALANTE. Precisamente, a súas vivencias como migrante, aínda que se considera privilexiado “con respecto a outros porque viñen aquí cunha bolsa de estudos, con algo de diñeiro e a posibilidades de estudar un mestrado” marcaron a súa traxectoria na escrita. “Tes que saír da súa zona de comodidade e valerte por ti meso e non contas coa rede de amizades e familiares que deixas aló, sempre pega a morriña”. Esta experiencia xunto coa historia da súa familia e a súa propia como neofalante deixaron pegada na súa ópera prima, *A outra patria*.

“Comecei escribindo uns poucos poemas en galego e dinme de conta

que podía construír un libro explorando o que vivín como migrante e a miña identidade como galego, dese sentir do galego que vén de fóra”. O recoñecemento da asociación O Facho, que leva máis de sesenta anos promovendo a literatura e premian-do a escritores como Manuel Rivas ou Lois Pereiro, pillou por sorpresa a Rodríguez. “Nunca me esperara que o meu primeiro libro publicado e que me dese esa alegría fose nunha lingua que non é a miña materna. Iso tamén fai que sexa unha obra moi especial”.

Ademais do galardón, o poemario estalle regalando a este amante das letras grandes experiencias co público. “Achéganse persoas maiores que me din que a partir de que me coñeceron séntense máis orgullosas da lingua e que van a comezar a usala máis. Noutra presentación, por exemplo, coa lectura dun poema fixen chorar a unha rapaza que era migrante e sinto que o libro, máis aló do premio, sorprende moito á xente e chégalle”.

Aínda que o seu xénero por excelencia é a poesía, tamén explora a narrativa. “Pero non dou o salto, polo menos en galego, porque estou interesado nunha narrativa que se achega á linguaxe na rúa e fáltame esa naturalidade para poder recoller o falar do pobo e facer uns diálogos”. Non se pon límites, así que combina os seus proxectos de escritor cos de rapeiro. “As miñas enerxías na creación en galego céntranse tamén en facer temas de rap”. Ben sexa a través da música ou da literatura, Simón aposta por espallarse das nosas tradicións e por preservar a nosa riqueza cultural. Unha riqueza que está nas nosas mans conservar.

A Escola de Música abre o prazo para o vindeiro curso


Está aberto o prazo de solicitude de prazas para a Escola Municipal de Música para o curso 2024-2025.

A escola ofertará neste curso clases de Clarinete, Saxofón, Gaita, Fagote, Trompa, Trompeta, Trombón, Bombardino e Tuba, Percusión e Piano, que terán unha duración de 30 minutos e serán individuais ou de 60 minutos compartidas. No bloque B ofertarase tamén Música e Movemento, para nados no ano 2019 e 2020, Formación Básica, grupo 1 para nados en 2018 e grupo 2 para nados en 2017, e o curso 1 de Linguaxe Musical, para nados entre 2009 e 2016, xunto cos cursos 2 a 6 de Linguaxe Musical para nados entre 2009 e 2015 e todos os cursos para adultos.

As persoas interesadas poden presentar a documentación requirida ata o vindeiro 7 de xuño, preferentemente por medios telemáticos, no rexistro xeral do Concello, ou de maneira presencial solicitando cita previa no 982 297 350 nos rexistros do Concello ou da propia Escola, ademais de poder presentarse nos rexistros de outras administracións.

O xadrez sae á rúa no mes de xuño

Continúa o ciclo Xadrez para todas, orientado ás e aos escolares e a toda a veciñanza de Lugo. O xadrez sairá á rúa todas as tardes de luns a venres ata o 30 de xuño. Instalarase un xadrez xigante, varios xadrecs convencionais e daranse clases de iniciación. Desta forma, todas as persoas que o desexen poderán xogar ao xadrez. Trátase dunha actividade totalmente gratuítas que non precisa de inscrición previa.



C-27-001389

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Ronda Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es



O Impulso Verde acollerá as oficinas de Evislusa

O edificio Impulso Verde, situado na Garaballa, acollerá dende este ano as oficinas da empresa municipal de vivenda e solo de Lugo, Evislusa, que trasladará a súa sede do Centro de Convivencia Uxío Novoneyra a este pioneiro inmoble construído no marco do proxecto LIFE Lugo+Biodinámico. Así o avanzou a alcaldesa, Paula Alvarellos, quen explicou que “nas vindeiras semanas iniciarase o traslado coa idea de que antes do verán o persoal de Evislusa xa poida estar plenamente operativo nestas modernas instalacións”.

Neste senso, Alvarellos explicou que a decisión de desprazar este servizo ao Impulso Verde xa lle foi comunicada persoalmente aos traballadores e traballadoras. Dende que a nova alcaldesa tomou posesión, un dos asuntos que valorou foi que servizo, polas necesidades de espazo e a idoneidade para adaptarse ás características do Impulso Verde, se adaptaba mellor para trasladarse a estas dependencias, tendo en conta

que o edificio, ademais de albergar a Evislusa, conservará unha zona expositiva e un espazo dedicado ao emprendemento, mantendo os usos que estaban previstos inicialmente para este inmoble.

Deste xeito, “na planta baixa permanecerá a exposición sobre o proxecto LIFE e o proceso construtivo do edificio, tal e como está configurada actualmente, ao tempo que compatibilizará nesta e na primeira planta o uso como sede da Empresa de Vivenda e Solo; mentres que o segundo andar albergará unha das iniciativas vinculadas ao Plan de Sostibilidade Turística, que consistirá nunha lanzadeira emprendedora cuxo obxectivo é dar impulso a proxectos innovadores, no sector turístico. Finalmente a planta alta reservárase para a celebración de actos ou eventos”, sinalou.

O feito de que o edificio conte con dúas entradas independentes facilitará o uso compartido das instalacións, que seguirán mantendo, así mesmo, a súa función divulgativa.

Os sindicatos protestan no Pleno pola “nefasta xestión do persoal”

Representantes dos sindicatos dos traballadores do Concello de Lugo concentráronse na Casa Consistorial ao comezo do pleno para negociar as súas demandas. Denuncian a “política nefasta da xestión do persoal” e demandan o pago das horas extraordinarias e outros complementos que, segundo aseguran, lles deben dende o 2022 e 2023.

Baixo unha gran pancarta co lema “Negociación xa!” e numerosa cartelería, a xunta de persoal e o comité de empresa accederon ao salón de plenos no que a alcaldesa lles deu a benvinda “á casa de todos” e lles pediu silencio. Pola súa parte, a concelleira popular Mar Carballas reclama que negocien e solucionen os problemas que veñen sufrindo dende hai anos, sinalando os atrasos



nos pagos, a carreira profesional ou a actualización RPT.

No mes de abril, a xunta de persoal e o comité de empresa presentaron as súas queixas, asegurando que o Concello lles debía máis dun millón de euros por horas extra, axudas ou

produtividades. Por outra banda, tamén pedían abordar con urxencia a carreira profesional como un dereito e reclamaban que a Relación de Postos de Traballo non se modificou dende que se aprobou hai xa catro anos.

O PP asegura que a Fábrica da Luz é un exemplo de “mala xestión”

Sinalan que a fábrica da luz, situada nun lugar privilexiado ao pé do Miño, é un exemplo de “mala xestión” de 25 anos de gobernos socialistas xa que “malgastaron diñeiro público na súa rehabilitación en varias ocasións, e fracasaron no intento de darlle un contido para o disfrute dos lucenses: hoxe o edificio está peor que nunca, desmantelado e vandalizado”.

Candia analizou o protocolo, que a alcaldesa vén de asinar coa CHMS, indicando que “o documento é unha declaración de intencións, que non

clarifica nada, e que chega con moitos anos de retraso”. Para os populares a situación na que se atopa a fábrica da luz supón “un reflexo de como xestiona o patrimonio municipal o PSOE e o BNG”. Primeiro, “gastan un millón de euros para arranxar o edificio; logo o regalan por un canon ridículo, por último, deixan pasar prazo da solicitude da prórroga e o concello acaba no xulgado condenado a pagar 2.5 millóns de euros de indemnización pola concesión errada”. A maiores aseguran que “levamos gastados dende marzo de 2022

e ata a actualidade 45.738 millóns de euros do alugueiro dunha nave no Corgo (1.694 euros mensuais) para gardar as dúas turbinas da fábrica da luz que custaron 700.000 euros”.

VIVENDA. O PP pide que o Goberno local actúe para non perder os fondos para vivenda pública. Os populares lamentan “a falta de iniciativa e de compromiso de socialistas e nacionalistas” a pesar que, aseguran, o goberno Galego enviou, ata en catro datas diferentes, cartas á Alcaldía solicitando este encontro.

TE AYUDAMOS A CUIDAR TU SALUD

En Verxel Herbolario te ofrecemos tratamientos y productos de alta calidad que contribuyen a mejorar la salud. El objetivo de los dispositivos Berner es aumentar la restricción de los vasos sanguíneos arteriales precapilares pequeños y muy pequeños. El resultado es una mejor distribución de la sangre en la red capilar. Berner es una aplicación capaz de ejercer un efecto controlado y específico sobre los vasos sanguíneos o partes del sistema vascular.



El efecto no se consigue con una sustancia química o biológica, sino con un método físico. Berner utiliza un campo magnético pulsado para introducir una configuración de señal especial y patentada en el cuerpo del usuario con el fin de mejorar un riego sanguíneo deficiente de los vasos pequeños y los microvasos. El efecto de los dispositivos BEMER está científicamente probado.

¡Venga a probarlo!

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo
Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es
www.verxel.es






ACADEMIA DE ESTUDIOS



EL BUHO

Calle Tuy 76, Bajo, 27004 Lugo.
TEL: 685 99 89 77




CAMPAMENTO DE VERANO URBANO DE 7 A 12 AÑOS

JUNIO / JULIO / AGOSTO

BILINGÜE

INGLÉS - FRANCÉS



Por Lugo:

VAI EN BUS



Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com

#activandolugo

Avanza en Piugos o plan de acción nas parroquias

O Executivo de Paula Alvarellos avanza no plan de acción deseñado para as parroquias rurais do municipio, para o que a edil de Cohesión Social e Territorial, Ana González Abelleira, está a estudar cada un destes núcleos co obxectivo de determinar as súas principais necesidades no que respecta a todo tipo de infraestruturas e tamén a dotacións. Deste xeito, inclúese desde a conservación e dinamización sociocultural dos centros cívicos, ata a rede viaria, de abastecemento e saneamento, alumeadado público, sinalización ou a conservación do patrimonio. Analizar todos estes servizos e recoller as demandas da veciñanza forma parte dese plan de acción, un compromiso que a propia alcaldesa transmitiu aos pedáneos e pedáneas das 54 parroquias rurais nunha reunión recente. A edil responsable da zona rural está a desenvolver unha rolda de encontros coas persoas que viven nestes núcleos rurais para “esta-

blecer un diálogo construtivo con veciños e veciñas, ademais de cos pedáneos e coñecer de primeira man as súas necesidades. Así podemos realizar un estudo da situación da cada parroquia, e ao mesmo tempo, determinar as prioridades e demandas de cara área”, sinalou González Abelleira. De feito, a concelleira de Cohesión Social e Territorial supervisou a colocación dun banco con soleira en Pena da Mula, na parroquia de Piugos, dando resposta a unha das peticións que lle fixeron os veciños e veciñas da zona nunha recente reunión. Esta actuación responde ás distintas intervencións que está levando a cabo o Executivo de Paula Alvarellos nas parroquias rurais do municipio lucense, ao igual que en días atrás se fixo nas Pedreiras, no interior das instalacións deportivas, onde se instalou un banco, ou nas inmediacións do campo de fútbol de Frigsa, onde se colocaron dous.

Lugo homenaxea aos pedáneos das súas 54 parroquias nun acto

Paula Alvarellos, acompañada da concelleira de Cohesión Territorial, Ana Abelleira, presidiu o acto de homenaxe que o Goberno local organizou na Casa Consistorial para os pedáneos e pedáneas das 54 parroquias do municipio, coincidindo co Día do Mundo Rural e a celebración de San Isidro Labrador. No Día do Mundo Rural, a rexedora destacou o traballo dos lucenses, xa que cada un deles representan “unha canle aberta entre as demandas das nosas 54 parroquias e o Concello”. De feito, xogan “un papel fundamental na xestión municipal e o facedes ademais amosando un traballo e unha implicación admirable, que contribúe decisivamente ao desenvolvemento do noso rural e que axuda a que os nosos núcleos continúen sendo lugares de oportunidades onde poder desenvolver un proxecto de vida”, apuntou.

Alvarellos asegurou que “Lugo non se pode entender sen a súas parroquias; son parte fundamental da nosa identidade, das nosas tradicións e da nosa cultura como pobo; creo, sinceramente que Lugo non sería a cidade que é sen toda esta riqueza social que ademais representa o 80 por cento do territorio do municipio e ao 10 por cento da



súa poboación”.

Como obrigas recordou á de escoitar as demandas de todos e cada un dos veciños e veciñas. “E vós representades a voz da veciñanza das vosas parroquias. Por iso, contade sempre coa miña vontade de escoitar, traballar arreo e lograr que Lugo mellore en todo aquilo que sexa necesario”, subliñou. Neste senso, a rexedora avanzou algunha das actuacións que o Executivo municipal está a promover para mellorar a calidade de vida no rural.

Entre elas, a ampliación ordenada da rede municipal de augas en aquelas parroquias onde por posibilidades técnicas é posible facelo; tamén acondicionando camiños e vías; colaborando coa Axencia de

Modernización Tecnolóxica de Galicia, para a procura de terreos nos que proceder á instalación de torres coas que mellorar a cobertura móbil nas zonas sen cobertura.

“E, así mesmo, recentemente procedemos á instalación de 1.400 colectores de lixo e traballamos para mellorar o funcionamento dos locais veciñais e o deseño da programación sociocultural nas parroquias”. Finalmente, Alvarellos fixo un chamamento tamén ás novas xeracións: “Espero que o exemplo que estades a dar todos e todas, supoña un referente para inspirar aos nosos mozos e mozas e así garantir un relevo xeracional que axude a dar continuidade ao voso traballo”.

Acordo no Pleno para o control dos fumes de Tableros Hispanos

O portavoz do BNG e Tenente Alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, defendeu no Pleno a proposta do BNG para reclamar que a Xunta de Galiza aplique un maior control ás emisións contaminantes da fábrica de Tableros Hispanos de Nadela.

Arroxo lembrou que “desde o BNG mantivemos xuntanzas coa veciñanza afectada, residentes a pouca distancia da fábrica, que desde hai anos veñen denunciando os altos niveis de ruídos e as emisións de fumes que padecen nas súas vivendas”.

“É preciso que a empresa cumpra coas medidas de control marcadas pola normativa ambiental e que desde o Goberno se amplíen os controis deste tipo de emisións”, afirmou Rubén Arroxo, que anunciou que o BNG continuará a traballar nas distintas institucións “para garantir o benestar da veciñanza de Nadela e a calidade do aire de Lugo”.



As veciñas e veciños presentes durante a sesión denuncian que a contaminación do aire producida polas emisións de Tableros Hispanos estalles a producir graves molestias de saúde, entre as que se atopan inflamacións nos ollos e nas vías respiratorias. A proposta aprobada insta á Xunta a instalar unha estación de

control da calidade do aire na zona norte da factoría, ademais dunha maior periodicidade nas inspeccións de emisións e máis transparencia para manter á veciñanza da zona informada sobre as medidas que se poñan en marcha para garantir o cumprimento da normativa ambiental.



**GA
LO**

ARDE LUCUS

MENÚ I • 26€

ENSALADILLA RUSA CON LANGOSTINOS
EMPANADA LACÓN CON GRELOS
PALETA DE CERDO IBÉRICO
COSTILLA DE CERDO BRASA
CAÑITAS RELLENAS DE MOUSSE DE CHOCOLATE

AGUA, CERVEZA Y REFRESCOS
VINO D.O RIBEIRA SACRA
D.O RIBEIRO
CAFÉ O INFUSIÓN

MENÚ II • 32€

CECINA DE WAGYU
SALPICÓN DE MARISCO
PULPO BRASA
PRESA CERDO IBÉRICO BRASA
TARTA DE QUESO
AGUA, CERVEZA Y REFRESCOS
VINO D.O RIBERA DEL DUERO
D.O MONTERREI
CAFÉ O INFUSIÓN

982 247 076  **RECATELO Nº1** 

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CONTURIZ

“Compensa porque a xente queda contenta co que lle propoñemos”

A asociación leva máis de tres décadas dinamizando a oferta cultural da zona



Lucía Blanco

Integrar á veciñanza e dinamizar a oferta cultural da zona. Con estes obxectivos mantense a Asociación de Veciños de Conturiz, fundada na década dos 90 e que aposta por seguir dando vida á parroquia grazas a súa intensa actividade. As xuntanzas polo San Xoán, polo magosto, polo Entroido e polo San Froilán protagonizan o calendario deste colectivo para o que as excursións son unha das súas grandes apostas.

“Organizamos como mínimo de dúas a tres por ano. De feito, estamos traballando na vindeira que será a comezos deste mes de xuño e intentaremos facer outra de fin de semana, de marchar sábado pola mañá e vir domingo pola noite. A última foi en Asturias e queremos volver por Portugal”, conta Lucho, o secretario. Os obradoiros de defensa persoal, mecanografía, cestería, cociña ou baile completan

o seu programa no que tampouco faltan as charlas médicas.

Trátase dunha serie de propostas abertas nas que xa participaron Carlos González, xefe do servizo de Cardioloxia do HULA; o urólogo Neira Pampín e a oncológa Begoña Campos, entre outros. “A resposta dos veciños en liñas xerais é moi boa, nestas charlas estamos xuntando por riba das 100 persoas porque vén xente de fóra”. Aínda que os coloquios cos profesionais son de balde, eles apostan por fixar nas súas actividades prezos asequibles para todos os petos. “Tampouco nos gusta facer as cousas gratis de todo porque o que nada costa nada vale, non lle das aprecio. Non as organizamos co obxectivo de lucrarnos, senón intentando que non nos custe moitos cartos porque hai que darse conta do sacrificio que supón para a xente”.

OBRAIDROS. Para levar a cabo as

súas propostas apóianse nas cotas dos asociados, que non cobraron durante a pandemia, e que completan con ingresos extra como a venda de lotaría. “Temos un sistema de participación por casa e logo temos socios que son amigos que non viven aquí pero que participan moito e mesmo xente da zona da montaña, sobre todo polo tema das excursións”. Aínda que aseguran que se tiveran maior apoio económico mellorarían o seu local social e impulsarían máis talleres.

“Miraríamos de ter unha pantalla para poder proxectar contidos e organizaríamos algún obradoiro no que puidésemos aportar o material para que ninguén tivese que compralo”. Ademais, tamén fomentarían obradoiros para as persoas maiores. “Seguramente fariamos algún taller ocupacional para que, aínda que tiveses que financiarlles algunha parte, tiveran un par de horas a semana algunha actividade que lles supoña ter a mente activa.

Xestionar o seu labor como parte da asociación non resulta doado. “A xente axúdanos e non botamos contas do que nos supón organizar todo iso. Por exemplo, cando fixemos o Camiño por etapas encargueime de facer o listado de lugares, de buscar sitios para comer e de contratar o autobús para que chegado o día pasemos lista e nos aseguremos de que está todo o mundo”. Pero as horas de dedicación pagan a pena: “Compensa porque os veciños son moi agradecidos e quedan moi contentos co que lle propoñemos”.



O PP esixe o arranxo das fochancas da LU-P-2922

O PP esixe o arranxo das fochancas da LU-P-2922 ao seu paso por Lugo, que poñen en risco a seguridade viaria despois de que Antonio Ameijide e a concelleira popular, Flor Rubinos, xunto a veciños da zona comprobaran o estado desta estrada provincial ao seu paso polo Concello de Lugo. “O mantemento das estradas provinciais segue a ser unha das tarefas pendentes para o goberno de José Tomé que debe tomarse en serio esta materia para garantir a seguridade viaria en 66 municipios da provincia”, sosteñen.

“Dicimos 66 porque o restante, Monforte, no que é alcalde, as estra-

das da Deputación están en perfecto estado de revista”, sinalou Antonio Ameijide. O voceiro comprobou, xunto a concelleira Flor Rubinos e veciños, a estrada LU-P-2922 que presenta numerosas fochancas que poñen en risco a seguridade viaria. Unha estrada provincial sobre a que o Grupo Provincial Popular pediu hai varias semanas unha actuación á altura da Ponte de Vilar, na parroquia de Santa María de Bóveda, infraestrutura na que non hai ningún tipo de sinalización nin elemento de seguridade para evitar a caída dos vehículos, en caso de accidente, ás vías do tren.

Apelan á veciñanza a que teña limpas as leiras

A área de Cohesión Territorial apela a veciñanza do rural a manter limpas as leiras particulares co obxectivo de garantir a seguridade viaria e evitar problemas de convivencia co obxectivo de que estas parcelas atópanse en correctas condicións de conservación e así garantir a seguridade viaria, previr o risco de lumes e evitar problemas de convivencia derivados dunha posible falta de mantemento.

Deste xeito, os titulares están obrigados a manter as súas propiedades en bo estado de conservación, limpeza e ornato, controlando ó mesmo tempo o crecemento da vexetación dentro duns límites que garantan a seguridade tanto do tráfico viario como peonil, tendo en conta a visibilidade e a redución do ancho ou alto do paso libre tanto para o tráfico peonil como rodado.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

Renovan a Tarxeta Cidadá mentres o bus segue a bater récords



A Tenencia de Alcaldía de Lugo renova o deseño da Tarxeta Cidadá. Despois da renovación das liñas, “é o momento de actualizar o deseño da tarxeta, garantindo sempre que haxa existencias para facilitar que a veciñanza poida desfrutar de todas as vantaxes que supón a tarxeta á hora de desprazarse en bus urbano”, explicou o tenente alcalde, Rubén Arroxo

O bus urbano pasou pola maior transformación das últimas décadas, cunha renovación total do servizo aprobada por unanimidade de todos os grupos da corporación municipal. O transporte público de Lugo continúa a bater récords de usuarios e usuarias. No mes de abril houbo un total de 201.315 viaxeiros, “marcando o mellor abril desde que hai rexistros”.

Nos billetes expedidos en abril rexistrouse tan só un 3,34 % de transbordos, unha porcentaxe similar a antes da reforma das liñas. “Lugo ten o transporte máis barato das cidades galegas e o terceiro máis barato das capitais

de provincia do estado”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “coa Tarxeta Cidadá, o prezo do bus urbano redúcese ata nun 50 %”. O tenente alcalde anunciou que “máis de 30.000 persoas teñen xa a súa tarxeta cidadá e desfrutan de todas as vantaxes que supón este sistema”.

Pagando coa tarxeta cidadá, o prezo do billete ordinario pasa de 0.64 euros a 0.45, no caso de non ter dereito a bonificacións, ou a só 0.31 euros no caso de persoas pensionistas, desempregadas, estudantes ou persoas con mobilidade reducida, con transbordos gratuítos en todas as situacións. Para obter a tarxeta cidadá, deberá cubrirse o formulario que se pode atopar na web do Concello, ou recollelo nas oficinas municipais do seminario, e pagar a taxa de 3,09 euros nunha oficina de Abanca. Despois, deberá pedirse cita no 010 para retirar a tarxeta nas oficinas do Concello. A recarga do moedeiro será, como mínimo de 5 euros, cun máximo de 60 euros.

A praza de Abastos ten un novo servizo de xestión de residuos

A concelleira de Participación e Servizos para a veciñanza, Cristina López, mantivo unha xuntanza coas e cos praceiros para avaliar a posta en marcha do novo servizo de residuos destinado aos negocios do sector da carnicería e peixería nestas dúas instalacións, “garantindo unha mellor xestión dos residuos específicos destes dous sectores”.

López afirmou que esta medida se pon en marcha “avanzando para dar o mellor servizo posible á veciñanza, mentres garantimos un bo tratamento dos residuos que se xeran nestas dúas instalacións”. A concelleira de Participación agradeceu “a implicación” dos distintos negocios do Mercado e da Praza con este novo sistema de recollida de residuos. Segundo Cristina López, “seguimos



a traballar para facer da Praza e do Mercado lugares de referencia para o comercio local, poñendo novos servizos a disposición de toda a veciñanza para que decidan achegarse a estas instalacións a facer as súas compras”. O mercado municipal e a Praza de Abastos contan cunha im-

portante programación de actividades para a promoción dos espazos e dos distintos negocios localizados neles, desde obradoiros infantís para facilitar a conciliación familiar nas mañás dos sábados, ata distintos eventos como un festival de tatuaxes ou campionatos de fútbolín e xadrez.

Acordo para ter máis bombeiros e o expediente BIC para a Ofrenda

A concelleira Cristina López defendeu no Pleno a proposición do BNG ante a urxencia de medidas para rematar coa precariedade, o abuso da contratación a tempo parcial e coa temporalidade en todos os sectores. A iniciativa parte da proposta achegada pola CIG e foi aprobada co apoio de BNG e PSOE.

Deste xeito, cómpre facer realidade un pilar básico do Marco Galego de Relacións Laborais e poder exercer o dereito a decidir e negociar en Galiza as nosas propias condicións de traballo, polo que “se reclamará Goberno galego á urxente aprobación dun

Plan galego de recuperación económica, industrialización, creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra”, insistiu a concelleira. Cristina López tamén demandou ao Goberno español a derogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos.

En canto ás propostas populares, houbo unanimidade da corporación para que a Xunta incoe o expediente para declarar a Ofrenda do Antigo

Reino de Galicia con Ben de Interese Cultural Cultural (BIC) para a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia, que suma un século de historia como un patrimonio inmaterial fundamental na nosa tradición.

E tamén se ampliará o cadro de persoal do servizo de bombeiros. Pola contra, non saíu a diante a iniciativa de impulsar unha ordenanza de convivencia. Lamentan tamén que “se neguen a recoñecer a necesidade de impulsar un plan integral para mellorar o mantemento do Paseo do Miño que presentan nalgúns puntos un importante deterioro”.

HERBÓN
DESQUACES

Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

i Somos artesanos!

Pan artesano 100% con masa madre

Molinos propios

PANADERIA · PASTELERIA

O PAN DO PAIS

CAFETERIA

☎ 982 24 02 35

O barrio das Gándaras recupera o seu San Xoán, que será o 23 de xuño

O barrio das Gándaras recupera a celebración do San Xoán. Os veciños e veciñas organizan a cita o vindeiro 23 de xuño a partir das 13.00 horas no campo da festa. Ao mediodía poderán gozar de sesión vermú e música, que será protagonista durante toda a xornada.

Contarán coas actuacións de Tetén, Jairo LQ e Dj Paykas. Xa á noite, haberá unha churrascada veciñal, a partir das 20.00 horas, antes de prender o lume.

A celebración do San Xoán era unha das grandes citas do barrio, pero esmoreceu nos últimos anos.

Denuncian esperas de 2 anos para servizos do HULA e colas no PAC

Desde a Plataforma en Defensa da Sanidade e as Especialidades do HULA aseguran que Lugo, cunha poboación rural, dispersa e elevadamente envellecida, cun gran grao de persoas dependentes, con moitas patoloxías, é unha provincia que require un coidado por parte de profesionais sanitarios importante, polo que piden reforzos no servizo de Xeriatría do Hula, dotándoo de máis profesionais e recursos.

“Está constatado estatisticamente que a provincia de Lugo ten o dobre de persoas maiores que de nenos. Non hai máis que ver a cociente de pediatras da sanidade pública en Lugo con respecto ao número de nenos e a cociente de xeriatras con respecto ás persoas maiores. Para atenderlos existe o dobre de pediatras que de xeriatras o cal é un contrasentido”, expoñen na carta que remiten a Antonio Gómez Caamaño. Dende o colectivo aseguran que, ademais, están a recibir múltiples queixas das longas listas de espera que hai nalgúns servizos, “concretamente das esperas en Oftalmoloxía, onde para unha operación de cataratas hai que esperar contorna a dous anos”. Esta situación implica para a xente maior unha diminución da súa actividade funcional e diaria significativa. As denuncias tamén se estenden aos servizos de Traumatoloxía. Debido a estas demandas, non entenden “o peche de plantas cada ano, o que conleva a que reduzan a actividade programada e atrase aínda máis todas as listas afectando sobre todo a Medicina Interna e a Traumatoloxía, este atraso afecta tamén ás listas de espera das consultas”. Insisten na demanda dunha unidade “completa” de ictus no HULA, porque ao ano son moitos os lucenses que sofren un ictus e moitos os que



sufriron as consecuencias por non ter unha unidade completa ata o de agora e tiveron que sufrir traslados. “Para nós é un servizo básico, nunha provincia tan envellecida como é Lugo que esta unidade teña unha dotación completa de Ictus como a do Álvaro Cunqueiro de Vigo”.

PODOLOXÍA. A plataforma tamén pide a incorporación na sanidade dos servizos de Podoloxía. Aseguran que a súa falta afecta especialmente a dous colectivos vulnerables: aos nenos, que “por falta de prevención poden desenvolver problemas ao camiñar” e aos maiores, “que teñen que custear do seu peto todos os servizos de Podoloxía, especialmente os que sendo atendidos en residencias dispoñen de baixos recursos”.

Na actualidade cóbrese a extracción dentaria, pero solicitan que se amplíe a cobertura Maxilofacial e que a Rede Pública de Asistencia Sanitaria cubra o poñer unha ponte a nivel dental, os empastes, as endoncias, cambios de dentaduras, próteses dentarias ou fixadores. Ademais, “non existe na rede pública actualmente prevención do coidado da boca nos nenos, e é especialmente gravoso para os maiores, que teñen unhas pensións reducidas, acometer os gastos de empastes, endodon-

cias, novas dentaduras, próteses dentarias, fixadores dentarios”. Así mesmo, solicitan “que os médicos de familia non sexan tan remisos á hora de derivar a especialistas aos pacientes, dado este atraso moitas veces cando o paciente é derivado ao especialista xa é complicada a súa recuperación debido a non ser tratado adecuadamente e por especialistas desde o primeiro indicio da enfermidade. Por último, solicitan que persoas con graves problemas mentais ou de agresividade, non se deriven de saúde mental a residencias da terceira idade.

PAC. Segundo denuncian dende o BNG, no PAC situado no CIS da Residencia sufríronse longas esperas nas fins de semana e colas pola falta de médicos, xa que en días soltos só tivo dous facultativos cando ese PAC ten asignados 3 equipos.

“Non pode ser que seis meses despois de trasladar o PAC ao CIS da Residencia a situación sexa esta”, denunciou a deputada nacionalista Olalla Rodil. A Consellaría de Sanidade ten “que dotar de medios suficientes o PAC para que non se repitan situacións como a da pasada semana” con xente esperando catro horas para ser atendida ou acudindo ao hospital por falta de medios”.

Adega estuda a calidade ecolóxica do rego do Segade nunha saída

O vindeiro venres 24 de xuño a delegación de Lugo de ADEGA organiza unha nova saída do Proxecto Ríos, para facer o estudo da calidade ecolóxica do rego do Segade. A actividade desenvolverase de 17.00 a 20.00 horas. A inspección consiste na análise das características biolóxicas, físico-químicas, hidromorfolóxicas e patrimoniais dos ecosistemas fluviais, empregando os materiais proporcionados de forma gratuítala polo Proxecto Ríos. Cos datos obtidos elabórase

anualmente o Informe do estado de saúde dos ríos galegos. A actividade está dirixida a persoas de todas as idades, conta con seguro de accidentes polo que é preciso inscribirse escribindo a adegalugo@adega.gal ou chamando ao 982 240 299.

Quedarase ás 16.45 horas diante do local de Adega, na Ronda das Fontiñas, para coordinar coches para chegar ao lugar, aínda que tamén se pode saír directamente ao punto de encontro preto do río.

O Concello amplía a 140 persoas o aforo para os bailes en Frigsa

O Concello establece en 140 persoas o aforo máximo dos bailes do Centro Cívico Milagrosa. A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, mantivo un pequeno encontro coas persoas usuarias das sesións de baile para comunicarlles os novos parámetros de ocupación do inmovible. “Tal é como nos comprometemos a principios desta semana, procuramos estudar a posibilidade de satisfacer as demandas que nos trasladou o colectivo, sempre e cando se garantise a seguridade durante a realización da actividade”, apuntou a rexedora. Así, Alvarellos Fondo, que estivo acompañada pola concelleira da área de Benestar Social, Olga López Racamonde, informou ás e aos asistentes de que, en atención ás peticións recibidas, solicitouse un novo informe municipal valorando a capacidade de acollida da sala. “O estudo fíxose en base a unha nova dispo-

sición do mobiliario que permitirá incrementar o número de asistentes pero sen que iso supuxese un prexuízo para a súa protección e o correcto desenvolvemento das sesións, que é e foi o criterio que sempre primou para establecer a nova organización de acceso ás mesmas”, engadiu. Deste xeito, a rexedora trasladou que a partir xa desta mesma fin de semana o aforo máximo permitido será de 140 persoas como máximo. “E ante o rexeitamento que suscitou que se quixera dar prioridade de acceso á veciñanza empadroada en Lugo – como se fai na inscrición doutras moitas actividades municipais – a ocupación atenderá á orde de chegada”, sinalou, ao tempo que lembrou que de superarse a capacidade permitida, os e as usuarias interesadas poderán desprazarse para participar neles ao resto de centros nos que tamén se levan a cabo.

¿NO TIENES TIEMPO PARA IR AL VETERINARIO?



¡Nosotros vamos a tu casa!

Instinto Felino
MEDICINA FELINA

Encuétranos en

 @portovet_instinto_felino

 Portovet Instinto Felino

PRIMEROS en ofrecer consultas de Medicina Felina a DOMICILIO en LUGO

Calle Dinan 1-3, Lugo 982.46.50.65

TUS FLORES PARA ESTE AÑE LUGO



FLORISTERÍA ROSE FLOR

San Roque, 173 Bajo - Lugo

982 223 504
680 453 401

ros3-flor@hotmail.com

FLORES Y PLANTAS A DOMICILIO

Xestións e votacións na rúa pola falta de accesos ao edificio de Sindicatos



Por Lucía Blanco

Auxilia Lugo volve a denunciar a inaccesibilidade do edificio sindical de Lugo, no que o montacargas segue sen arranxarse. “Seguimos reivindicando a problemática. Empezamos a estar fartos desta situación porque sigue todo igual. Non se fixo ningunha modificación”, explica Nuria Neira, a delegada.

Acompañada por Diego Moldes, un dos usuarios, o colectivo deu a coñecer as dificultades que sofren as persoas con discapacidade ou mobilidade reducida que queiran acceder ás instalacións. “Non o poden facer, é inviable porque non é accesible”. Esta situación implica que no caso de que necesiten facer unha xestión no espazo ou acudir a unha inspección laboral se teñen que trasladar á rúa, “onde pasa moita xente e se acaba enterando do que estás falando”.

Aínda que non queren enfocar as dificultades nun día electoral, o domingo 9 haberá eleccións e a problemática afectará ao dereito a voto dalgúns lucenses, que o te-

rán que facer tamén na rúa. “Outra problemática que atopamos é que os que están na mesa non ven aos que están fóra esperando para votar. Nos últimos comicios o policía que estaba nese momento avisaba que baixaran as urnas á rúa, senón estás impedindo que os que van sós poidan exercer o seu dereito a voto porque non poden avisar”, explica.

Neira asegura que xa deron tempo suficiente para que a situación mudara. “En agosto a única contestación que tivemos por parte do Ministerio propietario deste edificio é que se ía a arranxar na maior brevidade posible e seguimos igual”. A delegada lembra o “montacargas en desuso” e o lixo que se acumula. “Teríaselles que caer a cara de vergonza de ter un edificio pegado á Muralla nese estado. Aínda que entendo que o lixo non é culpa do Ministerio, senón da falta de civismo da xente. Nós de feito cansámonos de poñer carteis para ver se a xente reaccionaba e acababan arrancándoos”, conclúe.

A raíña emérita visita Lugo para coñecer o banco de alimentos

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, acompañou á raíña emérita Doña Sofía na visita ao banco de alimentos da cidade, dentro da campaña de apoio da fundación que leva o seu nome a institucións de carácter social do país. Tras manter un encontro na Finca Fortaleza xunto coa alcaldesa, Paula Alvarellos, así como representantes de institucións públicas e da Federación de Bancos de Alimentos, desprazáronse ata as instalacións da rúa do Comercio, no polígono do Ceao.

Isabel Rodríguez agradeceu o labor dos voluntarios e voluntarias do banco de alimentos de Lugo, que ofrecen axuda a preto de 1.700 familias cada semana, e co que o Goberno mantivo unha colaboración asidua nos últimos anos co fin de cubrir as necesidades das familias máis vulnerables. Por delegación do presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tamén participou na visita realizada pola ás instalacións



do Banco de Alimentos de Lugo, entidade coa que colabora anualmente a institución provincial cunha achega de 10.000 euros destinada á compra de ovos para as familias beneficiarias.

Na visita real, Pablo Rivera acompañou a Dona Sofía e a representantes da Federación Española do Banco de Alimentos no percorrido polas instalacións que a entidade solidaria lucense ten no polígono do Ceao, e onde a raíña coñeceu de primeira man o traballo tan im-

portante que desenvolve na provincia.

O presidente da Deputación fíxolle chegar á raíña emérita unha mensaxe na que desculpou a súa ausencia na visita por cuestións de agenda inaprazables, e trasladoulle o seu agradecemento “por esta nova mostra de cariño cara a provincia de Lugo” e polo “respaldo que a súa presenza supón para a actividade dunha entidade volcada en axudar a quen máis o necesita”.

Gonzalo Fernández Rodríguez, reelixido decano de Veterinaria

O profesor da área de Sanidade Animal do Departamento de Patoloxía Animal da USC, Gonzalo Fernández Rodríguez, acaba de ser reelixido decano da Facultade de Veterinaria. Fernández Rodríguez obtivo 65 votos a favor e seis en branco. Os obxectivos que se presentan nesta nova etapa baséanse en facer realidade a planificación realizada polo centro no marco do Plan Estratégico

2024-2026 e na proposta de Grao de Excelencia.

Neste senso, “as liñas estratéxicas refírense á planificación da ensinanza e desenvolvemento da docencia centrada no alumnado e no futuro da profesión, a xestión eficiente de recursos, a innovación docente, transformación dixital e internacionalización e a comunicación, transparencia e transferencia”, explicou o profesor Fernández Rodríguez.



FORO MÉDICO EN LUGO



O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, presidiu o acto de inauguración da Xornada: *Ensaos clínicos. Transformando os retos en oportunidades*, que organizou a Academia Europea de Pacientes para a innovación terapéutica (EUPATI), con motivo da conmemoración do Día Internacional dos Ensaos Clínicos.

O CORAL
CONXELADOS

GRAN VARIEDAD • MÍNIMA CANTIDAD DE AGUA
PRECIO ESPECIAL A HOSTELERÍA
!!! OFERTAS TODOS LOS MESES!!!

Ronda das Fontiñas 130, baixo. Tfno.: 982 251 753 / conxelados.ocoral@gmail.com

Cáritas Diocesana inaugura a súa nova sede na rúa Lois Peña Novo

Cáritas Diocesana de Lugo inaugura a súa nova sede na rúa Lois Peña Novo. A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, participou xunto á directora da entidade, Amparo González; o bispo de Lugo, Alfonso Carrasco, e demais autoridades, na inauguración. A estrea deste novo espazo representa un momento importante no que se cumpren sesenta anos de dedicación ao servizo dos máis vulnerables, cuestión que Isabel Rodríguez agradeceu a Cáritas, "pois a partir de hoxe continuarán cun compromiso renovado en favor das persoas e familias lucenses que máis o precisan".

O deputado de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández, tamén percorreu as novas instalacións, que foron bendicidas polo Bispo de Lugo. Miguel Fer-

nández destacou que a sede, cunha superficie de máis de 500 metros cadrados, "permitirá á entidade social prestar un mellor servizo para desenvolver os programas destinados a favor das persoas máis vulnerables da provincia". Nas dependencias, que ocupan a parte traseira do palacio de Velarde, traballan xa 18 empregados da organización, que atendeu o pasado ano a máis de 7.500 persoas.

Os concelleiros de Dinamización Económica e de Benestar Social, Mauricio Repetto e Olga Racamonde, respectivamente, visitaron novas instalacións que prestarán ata 21 servizos, entre outros os do centro de día, acompañamento, atención a mulleres, inmigrantes, persoas con discapacidade ou maiores. Ambos edís comprobaron na súa visita,

xunto ao resto da comitiva, o paso adiante que supón esta nova sede, na céntrica rúa Luis Peña Novo, tanto en espazos como en capacidade de servizos, co obxectivo de continuar un labor que Cáritas leva facendo sesenta anos, e que permite prestar axuda e apoio ás persoas en situacións de exclusión social.

INCLUSIÓN SOCIAL. Pola súa parte, o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou o labor que fai Cáritas en prol da inclusión social e na loita contra a pobreza na provincia de Lugo. Destacou á institución como un dos grandes axentes sociais de Galicia: "Unha sede digna para facer un traballo moi digno: acompañar, acoller ao que máis o necesita. Preguntándolle á xente simplemente que necesitan e como se lles pode



axudar", sinalou.

No último ano, desde a Consellería de Política Social e Igualdade incrementouse un 30 % as axudas directas concedidas a Cáritas Lugo, superando así o millón e medio de euros. Neste sentido, Alfonso Rueda remarcou o compromiso da Executivo Galego con esta entidade: "Sei que nunca vai ser dabondo, pero sei tamén que todo o que aportemos vaise multiplicar co que máis vale: a

dedicación, as ganas de axudar e a conciencia de que se está facendo entre todos unha sociedade mellor", resaltou.

Ademais, o presidente da Xunta de Galicia manifestou o compromiso da Administración autonómica para colaborar con todas as entidades na loita contra a pobreza e a exclusión social. Actualmente, o investimento anual neste ámbito supera os 150 millóns de euros.

O PP invita a visitar a exposición de fotografías sobre A Residencia

Continuando cos actos nos que o Partido Popular pon en valor os investimentos realizados pola Xunta de Galicia no barrio da Residencia vense de inaugurar unha exposición fotográfica que pretende reflectir o pasado, o presente e o futuro dun barrio, o de San Antón, que axudou a dar forma ao Lugo que coñecemos.

Ábrese unha vez máis a sede do PP de Lugo coma espazo aberto á cidadanía, cunha proposta con imaxes cedidas por particulares, pola Asociación de Veciños e Comerciantes de San Antonio de Pádua e polo arquivo do diario El Progreso.



A exposición poderá visitarse durante o mes de xuño, de luns a venres, en horarios de 10:30 a 13:30 e

de 17:00 a 19:30 horas, na sede do PP de Lugo, en Ramón Cabanillas, 14 – Baixo.

VISITA DA DELEGACIÓN CUBANA



Unha delegación comercial procedente de Cuba para reforzar os vínculos e a cooperación entre ambas rexións visitou o Concello. Durante o encontro abordáronse diversos aspectos relacionados coas oportunidades de negocio e colaboración entre empresas lucenses e cubanas. Deste xeito, Alvarellos avogou por "estreitar os lazos que unen a Cuba con Galicia e, en especial, co noso municipio", neste senso, destacou "o potencial de Lugo no sector agro-gandeiro e turístico, ambos de gran importancia tamén para o país cubano".



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD



COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

O PP esixe a apertura do aparcadoiro de Santa María á Deputación

A falta de prazas de estacionamento en Lugo continúa a preocupar aos grupos políticos. Neste senso, dende o Grupo Provincial Popular recordan o anuncio de febreiro de 2022, cando o BNG na Deputación e no Concello anunciaron a apertura deste espazo que, ás poucas horas, José Tomé decidiu pechar.

Un choque entre os socios de goberno en ambas administracións, Deputación e Concello, que se “solucionou”, tal e como explica o voceiro provincial popular Antonio Ameijide, co anuncio por parte de Tomé, aos poucos días, dunhas obras para renovar ese espazo e abriro ao público. Ameijide recorda que o anuncio realizado polo presidente da Deputación contiña a apertura do aparcadoiro nese mesmo ano 2022, pero a realidade é que “estamos case a mediados de

2024 e aínda non se abriu”.

Aseguran que as obras remataron en setembro do ano pasado e, dende entón, abre en horario de mañá e unicamente poden acceder os funcionarios provinciais. “Parécenos unha boa opción que os empregados da Deputación teñan un espazo habilitado para aparcar con seguridade e dentro do propio centro de traballo, pero non se entende que polas tardes se poña o cadeado e se manteña baleiro estando ao carón do centro, cando anunciaron a súa apertura en 2022”, sinalou.

Dende o Grupo Provincial Popular estanse a estudar todas as opcións, como solicitar acceso e copia a toda a documentación relativa a este aparcadoiro para estudar detalladamente os motivos de que siga pechado e sen abrir ao público.



O BNG propón facer unha escola infantil no antigo edificio de Aspnaís

A deputada do BNG no Parlamento Galego, Olalla Rodil, valorou a resposta do Goberno da Xunta ás preguntas do BNG sobre o abandono do antigo edificio de ASPNAIS, situado na rampla de Claudio López. O BNG reclamou nas distintas institucións á Xunta que puxese en funcionamento o edificio, dando uso a unhas instalacións pechadas despois do cambio de sede de ASPNAIS no ano 2020. A parlamentaria do BNG propuxo realizar as actuacións precisas para habilitar nesta instalación unha escola infantil pública “rematando co déficit de prazas da actualidade”.

Rodil cualificou como “un exemplo da relación da Xunta con Lugo” o estado deste edificio, “unhas instalacións chamadas a ter un importante peso na prestación de servizos públicos”. A Xunta afirma na súa res-

posta que ofreceron a instalación ás asociacións Afalu e Alume, mais que rexeitaron o seu uso. “Isto foi anunciado pola Xunta en novembro de 2020, e case 4 anos despois do fracaso da Xunta neste trámite, continuamos a ver como se deteriora este edificio”.

O Goberno autonómico anunciaba no 2020 que nesta instalación se crearía unha residencia asistencial e un centro de día para persoas con alzhéimer, ademais dun centro de rehabilitación psicosocial e laboral, unha unidade de atención temperá, outra para a atención de trastornos de personalidade e un obradoiro de xardinería.

O edificio, titularidade da Xunta, actualmente atópase baleiro, deteriorándose debido á ausencia de actividade.

Renovan as luminarias en zonas de Paradai, Sanxillao e Galegos

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, anunciou dúas novas actuacións que se están a executar dentro do plan de renovación da rede de alumeadado público municipal. Arroxo explicou que “seguimos traballando en distintas zonas da cidade para garantir un alumeadado público eficiente enerxeticamente e que garanta que non haxa zonas escuras nas rúas”. Estívose a traballar na contorna da rúa Conde, incluíndo tamén as rúas Alexandre Bóveda, río Sil e Illas Cíes, ademais da totalidade da rúa Sanxillao.

Trátase de en total 83 puntos de luz onde se eliminarán luminarias antigas de Vapor de Sodio, instalando luz Led, o que permitirá un importante aforro enerxético de máis de 53.000 kWh ao ano. O alumeadado permitirá unha maior harmonización da contorna, ao ser unha luz uniforme en toda a trama e ao unificarse a temperatura de cor. Con esta actuación mellorarase tamén a uniformidade lumínica, eliminando zonas escuras, e renovaranse elementos da instalación como caixas de conexión e condutores.

Arroxo explicou que dende a chegada ao Goberno de Lugo “traballamos continuamente na redución do gasto público ao tempo que a veciñanza



de Lugo pode desfrutar dun alumeadado eficiente”. Os criterios utilizados á hora de realizar estas actuacións son a recuperación das luminarias existentes adaptándoas ás novas tecnoloxías, reducir os residuos xerados e os custos de implantación e a renovación do resto de elementos que conforman a rede de alumeadado, o que diminúe as avarías e as molestias á veciñanza.

GALEGOS. Tamén se renovará o alumeadado público de todo o barrio de Galegos. Arroxo explicou que “seguimos traballando en distintas zonas da cidade para garantir un alumeadado público eficiente enerxeticamente e que garanta que non haxa zonas escuras nas rúas”. O tenente alcalde

destacou que esta actuación permitirá tamén “completar a renovación do barrio, despois da renovación da totalidade do asfalto no pasado mandato”.

Renovaranse en total 106 puntos de luz, eliminando as antigas luminarias de Vapor de Sodio de 70W, instalando puntos Led de 30W, o que permitirá aforrar 22.790 kWh ao ano. O alumeadado permitirá unha maior harmonización da contorna, ao ser unha luz uniforme en toda a trama e ao unificarse a temperatura de cor. Con esta actuación mellorarase tamén a uniformidade lumínica, eliminando zonas escuras, e renovaranse elementos da instalación como caixas de conexión e condutores e reducindo o risco de avarías na rede.

Renovarán o parque infantil de Gallego Tato



O Concello acometerá a renovación integral do parque infantil da rúa Gallego Tato. Investiranse preto de 90.000 euros na remodelación integral desta área de xogos. Instalarase o supernova, que tivo gran éxito no parque de Campo Castelo, un bambán cesta, un carrusel con banco e un xogo múltiple con tres torres con trepa e ponte.

Os elementos que conformarán a nova zona recreativa seguirán a liña marcada polo Concello en canto aos materiais empregados. Deste xeito, contará cos selos Made Green: produtos feitos a base de

materiais reciclados post-consumo e Born Green, que obteñen aqueles produtos feitos do propio material de construción da natureza como a madeira, procedente de silvicultura sostible e, por tanto, pouco contaminantes.

Igualmente, todo o parque disporá dun pavimento de caucho continuo, con revestimento decorativo, respectuoso co medio ambiente e con propiedades antiescorregadizas e outras características técnicas que garanten unha longa durabilidade e boa resposta ao uso á temperie.

Avanza a permuta de parcelas no Castiñeiro

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, mantivo na Casa Consistorial un encontro con representantes do IGVS e a Xunta de Galicia co obxectivo de avanzar na materialización dos proxectos da Casa Torre, Dona Urraca e a permuta de parcelas no Castiñeiro. Durante a xuntanza, que se desenvolveu nun ambiente de máxima colaboración, os responsables dos tres organismos acordaron traballar de forma dilixente e desde a máxima discreción para alcanzar os obxectivos marcados.

Alvarellos avanzou que en relación á permuta de parcelas no barrio do Castiñeiro, a Administración local vén de propoñer aos responsables autonómicos unha serie de terreos de titularidade municipal para que poidan ser avaliadas pola Xunta co obxectivo de concretar un acordo canto antes. Pola súa banda, tanto o proxecto de Dona Urraca como o de Casa Torre atópanse en distintas fases de tramitación administrativa, polo que o Concello, o IGVS e a Xunta trazaron unha folla de ruta conxunta para avanzar de forma simultánea nestas dúas iniciativas.

Presentado o proxecto do centro de saúde do Sagrado Corazón

O proxecto para o novo centro de saúde do Sagrado Corazón propón a construción dun novo edificio, unha praza pública, novos accesos e zonas verdes, configurando unha área aberta ao entorno, integrada coa igrexa, as vivendas e outros espazos circundantes. Así o expuxo o Goberno galego a súa proposta ao Concello nunha reunión na Delegación Territorial na que participaron o delegado territorial, Javier Arias; a alcaldesa, Paula Alvarellós; o xerente da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; Óscar López, arquitecto autor do proxecto por encargo da Consellería de Sanidade, así como representantes e técnicos de ambas administracións.

Logo de avaliar distintas solucións técnicas, a Xunta opta por edificar un inbmo para acoller os servizos sanitarios, que será moderno, amplo, funcional e confortable, e estará situado dunha maneira transversal á rúa no lugar que ocupaba a pista polideportiva. Javier Arias apuntou que o Goberno galego quere “abardar a construción do novo centro de saúde como unha oportunidade de mellora urbana para o barrio, cunha proposta que non só da resposta ás necesidades sanitarias senón que contribúe a facer cidade, na liña da intervención na Residencia”.

Así, elimínanse catro edificacións sen uso -entre elas dúas no perímetro xunto á igrexa-, deixando en pé a principal, e no seu lugar créanse os accesos e espazos axardinados. Ademais, con esta medida resólvense os problemas de accesibilidade que sofren os veciños e veciñas do edificio que linda co vello patio escolar. Alvarellós escoitou as diferentes propostas expostas polo Goberno autonómico para levar a cabo este proxecto e comprometeuse a que estas opcións sexan estudadas de



forma pormenorizada polo Concello coa máxima dilixencia. “A construción dunhas novas instalacións sanitarias no Sagrado Corazón é unha necesidade básica que é preciso cubrir para garantir unha correcta atención médica dos veciños e veciñas desta zona da cidade. Por iso, desde este Goberno manteremos a man tendida e ofreceremos toda a nosa colaboración para que esta histórica reivindicación da cidadanía lucense materialícese con éxito”, asegurou.

ESPAZOS VERDES. Arias destacou que se trata dun proxecto urbano que cambiará o barrio, despexando unha zona que presenta unha excesiva densidade edificatoria, gañando espazos verdes e mellorando a conectividade porque se crean vías públicas para o tránsito de peóns, ambulancias e outros vehículos. “O proxecto, que creo que tivo unha boa acollida tanto polo Goberno municipal como polos veciños, non se limita a deseñar o centro de saúde, senón que quixemos ir un paso máis alá e deseñar un espazo que cambie a dinámica urbanística e social desta zona, e por iso tamén espero a colaboración do Concello neste

asunto de vital importancia para a cidade unha vez que se materialice a cesión dos terreos”, indicou o delegado. Aproveitando a presenza dos técnicos e do redactor do proxecto, e dado que a Asociación de Veciños Sagrado Corazón solicitara unha reunión por este tema, Javier Arias reuniuse posteriormente con representantes desta entidade para explicar-lles os pormenores da proposta. A reunión, que se desenvolveu dentro da máxima cordialidade, foi cualificada pola rexedora como moi produtiva xa que supón un avance importante para impulsar o proxecto. “Durante este encontro púidose constatar a liña de entendemento que nos caracteriza e o método de traballo que pretendemos establecer como premisa fundamental no noso modelo de xestión”. É necesario “traballar de forma conxunta desde ambas as institucións para que o novo centro de saúde do Sagrado Corazón entre en funcionamento nun prazo razoable. Ademais, desde esta Administración local traballaremos para que os servizos de carácter social e competencia autonómica poidanse equiparar neste barrio cos doutras zonas do noso municipio”, concluíu Alvarellós Fondo.

O BNG valora a decisión da Xunta de revisar o proxecto da Rolda Leste

Rubén Arroxo, portavoz do BNG e tenente alcalde do Concello de Lugo, valorou a resposta da Xunta ante as alegacións presentadas en abril de 2023 polo BNG ao proxecto da Rolda Leste. Arroxo afirmou que “a Xunta danos a razón e someterá ao proxecto a un novo estudo de impacto ambiental”. O portavoz do BNG afirmou que “desde o BNG seguiremos a traballar na protección do Parque do Rato, e permanecemos vixiantes para que o novo proxecto que se someta a estudo garanta a protección desta zona verde, o gran pulmón verde.

Arroxo reivindicou unha vez máis que o investimento previsto para a Rolda Leste se adique a recuperar o barrio da Tinería, “trasladando o orzamento que gardan para a rolda Leste, o barrio da Tinería poderá avanzar e poñerse ao nivel que merece como zona histórica da cidade”, afirmou Rubén Arroxo.

As alegacións que presentou o BNG

vían inviable a Declaración de Impacto Ambiental do proxecto, que data do ano 2005, e que debería ser anulada debido aos cambios producidos na lexislación, dado que as obras non foron iniciadas nos seis anos seguintes á publicación da Lei 21/2013. “A Xunta danos a razón e terá que elaborar unha nova DIA”, afirmou Rubén Arroxo. O BNG argumentou que este proxecto presenta cambios substanciais na construción de parte das estruturas, e non se cinxe ao espazo reservado no PXOM, o que faría nula a Declaración de Impacto Ambiental de 2005.

O BNG reclamou tamén unha maior protección do trazado afectado na Vía Küning, onde o propio proxecto recoñece unha afectación de 68 metros, recoñecemento que, segundo o BNG, “fai que sexa convincente acelerar o estudo da vía coa fin de non causar prexuízos que sexan irreparables a longo prazo”.



ELECCIÓNS EUROPEAS. O A candidata do BNG ás eleccións europeas, Ana Miranda, visitou o parque do Rato xunto con integrantes candidatura do Bloque para destacar o compromiso do BNG coa protección do Parque do Rato –conformado por 4 quilómetros de senda verde e bosque autóctono- fronte á continuación da denominada rolda leste nunha zona que é reserva da Biosfera e de especial protección.

campus de verano 2024 bilingüe

niños e niñas de 5 a 14 anos

campamento multideportivo

tenis fútbol baloncesto atletismo balonmano
piragüismo actividades deportivas
piscina juegos actividades lúdicas
música

divididos en grupos según edades y niveles técnicos

informate en el Club Fluvial
Oficinas - 982 221 167
Omar Salgado 618 508 830

Los fineses 25 de julio y 15 de agosto NO habrá campamento

La semana posterior habrá campamento, siempre que se cumpla un mínimo de 10 niños

semanas del

24 al 28 de junio	22 al 26 de julio*
1 al 5 de julio	29 de julio al 2 agosto
8 al 12 de julio	5 al 9 agosto
15 al 19 de julio	12 al 16 agosto*

entrada a las 9:00 horas
saldos: niños con comedor 15:00 horas
niños sin comedor 14:00 horas

hora de tarde - juego al aire libre - Piscina
Actividades lúdicas - Deportes

¡YA PUEDES RESERVAR TUS LIBROS DE TEXTO PARA EL PRÓXIMO CURSO!

Admitimos vales de la administración

Troll

Librería

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T.F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Delimitan o barrio Feijoo e A Milagrosa como zona de Rehabilitación

A Xunta de Goberno Local aprobou a delimitación como Contorna Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP) da Milagrosa e o Barrio Feijoo. A rexedora informou que “este é o trámite previo a que o documento se remita á Xunta de Galicia o que permitirá, ademais, poder concorrer ás seguintes convocatorias de fondos que se abran para a rehabilitación de vivendas”. Neste senso, a alcaldesa de Lugo apremiou ao Goberno galego a abrir canto antes unha nova convocatoria para actuar nestes barrios onde se concentran 1.025 edificios, dos que 931 teñen uso residencial, o que supón o 90,84 % do parque inmobiliario. Alvarellos Fondo incidiu en que “dos 2.540 millóns repartidos polo Estado en materia de rehabilitación residencial e vivenda social con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia a Galicia correspóndelle o 5,84

%, é dicir 148 millóns de euros, dos que a Xunta só puxo en funcionamento 67 millóns ata o momento”. Concretamente, 3,3 millóns para axudas á redacción de proxectos de rehabilitación e libros de edificios, 13,5 millóns para melloras de eficiencia, 23 millóns para axudas a nivel de edificio, 4,7 para as oficinas de rehabilitación e 22,8 millóns para o Programa de Barrios; por tanto aínda quedan aínda moitos millóns de euros para investir que aquí en Lugo precisamos. A rexedora manterá un encontro coa veciñanza destes barrios, acompañada de técnicos de GAU, para explicarlles o contido da declaración que se aprobará e as actuacións que o Concello pretende levar a cabo, que forman parte da folla de ruta para a rehabilitación desta zona da cidade, e para as que tamén se abrirá posteriormente un proceso participativo.



Demandan en Galegos melloras na iluminación e a sinalización das rúas

A Concelleira de Cohesión Social e Territorial, Ana González Abelleira, mantivo unha reunión con veciños e veciñas de Galegos, para recoller algunhas das súas demandas e tamén coñecer a súa opinión sobre as últimas actuacións acometidas polo Concello de Lugo, concretamente na mellora de instalacións deportivas e en materia de transición ecolóxica. O encontro, que se enmarca na rolda de reunións que a concelleira está a ter nos distintos núcleos rurais do municipio, contou coa asistencia de máis de sesenta veciños e veciñas de Galegos, ademais dos concelleiros de Dinamización Económica e de Deporte, Mauricio Repetto e Jorge Bustos, respectivamente. Entre as demandas que trasladaron

á edil de Cohesión Social e Territorial figura unha mellor regulación do tráfico; aparcamento nas marxes dos viais; mellorar a iluminación en zonas escuras, e a sinalización de rúas. Ana González Abelleira comprometeuse a trasladar estas peticións aos correspondentes servizos do Concello de Lugo. A reunión serviu tamén para coñecer a valoración positiva da veciñanza de Galegos en canto ás últimas actuacións acometidas no barrio. Por unha banda, as executadas en instalacións deportivas, pero tamén as últimas intervencións da área de Transición Ecolóxica, como a roza de camiños; a colocación de novos colectores e o acondicionamento do exterior do local social da asociación de veciños deste barrio.

Completan a peonalización cunha actuación no Carril dos Loureiros

Completan a peonalización de Recatelo cunha nova actuación no Carril dos Loureiros. O tenente Alcalde e concelleiro responsábel de Mobilidade, Rubén Arroxo, xunto co concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, mantiveron unha xuntanza con veciñas e veciños da rúa Carril dos Loureiros, onde amosaron o proxecto de peonalización da rúa. Estes traballos permitirán “avanzar na mellora integral do barrio de Recatelo despois de peonalizar practicamente todas as rúas do barrio”.

Os edís presentaron o proxecto elaborado polo Concello despois de manter unha serie de xuntanzas coa veciñanza entre os anos 2022 e 2023. O proxecto elaborado pola área de Mobilidade contempla a conversión desta rúa nunha plataforma única de preferencia peonil, mantendo o acceso a vehículos a baixa velocidade para residentes e carga e descarga. A renovación da rúa inclúe tamén



a renovación dos servizos soterrados, como o abastecemento ou o saneamento, e a creación de novas zonas verdes para, segundo explicou Rubén Arroxo, “facilitar que haxa zonas de sombra ao longo da rúa que permitan desfrutar da zona de paseo en xornadas de calor”. Ademais, o Goberno de Lugo avanzará na instalación de alumeados LED, “garantindo un alumeados de baixo consumo e uniforme en toda a rúa”, explicou o Tenente Alcalde. A área de Mobilidade iniciará agora

o procedemento de contratación para esta actuación, con previsión de aprobar o proxecto nas vindeiras 3 semanas e iniciar os traballos despois das festas do San Froilán, “reducindo así as molestias á veciñanza nas datas de maior afluencia en Recatelo”, afirmou Arroxo. Con esta actuación, “Recatelo consolídase como unha importante zona de paseo entre o centro e o Parque de Rosalía, ao mesmo tempo que melloramos os servizos e a calidade de vida da veciñanza”.

Infraestruturas reparará o firme en 200 puntos



O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, anunciou que veñen de comezar os traballos de bacheo en distintas zonas da cidade. Penas afirmou que “para realizar estes traballos é preciso unha previsión meteorolóxica favorable durante varios días para permitir que o novo asfalto asente e a intervención sexa duradeira”. En total, a concellería de Infraestruturas ten rexistrados preto de 200 puntos onde realizar intervencións, e entre as xornadas de onte e hoxe actuouse xa en máis de 20 puntos. Os traballos de reparación no tecido urbano realízanse tanto pola Brigada Municipal de Vías e Obras como por parte dunha empresa de mantemento de vías públicas contratada polo Con-

cello. Penas explicou que “a Brigada é capaz de responder nun tempo moi baixo a pequenos arranxos como baldosas soltas ou bolaros en mal estado, mentres que a empresa de mantemento permite atender a reparacións de maior tamaño”. O concelleiro de Infraestruturas lembrou a importancia de que a veciñanza faga chegar as súas necesidades ás distintas áreas do goberno municipal. “As veciñas e veciños de cada zona saben de primeira man as necesidades da súa zona”, explicou Alexandre Penas, que engadiu “moitas veces trátanse de pequenos arranxos, que a brigada municipal de obras trata de resolver no menor tempo posíbel para garantir o bo estado da cidade”.

O PP pide reforzar a brigada de augas para evitar fallos nas fins de semana

O PP pide a Alvarellos que escoite as súas propostas para garantir un servizo eficaz e evitar máis fallos na reparación de fugas nos festivos e fins de semana. Os populares insisten en que se reforce a brigada municipal tal e como solicitaron cunha emenda aos orzamentos de 2024 aclarando que “non poden dicir que non teñen recursos xa que nos últimos oito anos recadaron 26.6 millóns de euros de todos os lucenses polos recibos de auga e de alcantarillado”. Os populares aseguran que están “defraudados pola nova contradición entre o discurso ecolóxico e as accións reais de Alvarellos e Arroxo” lembrando como “dende febreiro Lugo está sen un plan efectivo para solventar estas avarías”. Pregúntanse, ademais, porque “a pesar dos máis de 26,6 millóns de euros que se ingresaron polos recibos de auga e de alcantarillado, que pagamos todos os lucenses, no período comprendido entre 2015 a 2023 non se fixeron melloras neste servizo”. Co ánimo de reforzar esta brigada, os populares presentan unha Emenda aos orzamentos de 2024 para destinar fondos para reforzar o equipo contratando a máis persoal que non saíu adiante. Por outra banda, os populares destacan que o Concello tamén se enfronta a multas por vertidos ilegais como a que vén de recibir da CHMS de 33.874,62 euros.

Invisten 236.000 euros nunha zona de vestiarios para o Anexo

O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro presentou o proxecto para dotar de vestiarios o Anexo, onde adestran e xogan os clubs de baloncesto base da cidade de Lugo. A obra consiste en acondicionar un espazo na planta baixa do Pazo como zona de aseos e vestiarios –femininos e masculinos–, para uso propio das usuarias e usuarios do Anexo. A dotación contará cunha zona de aseos e outra, contigua, na que se situarán as taquillas e bancos e as duchas, comúns e individuais en cabina.

A instalación contará cunha superficie útil de 121 metros cadrados, e estará delimitada por un falso teito, que se situará por riba das ventás altas da fachada, para aproveitar a iluminación natural que proporcionen. A intervención requirirá a apertura dunha nova porta na fachada do Pazo, de forma que o acceso a cada un dos vestiarios será independente. Esta dotación atende unha demanda que os equipos de baloncesto base que xogan e adestran nas instalacións do Anexo nos viñan formulando e “permitirá que os usuarios e usuarias da instalación -uns 60 equipos– teñan máis accesibles, e para uso propio, este servizo que ata agora se viña cubrindo cos vestiarios do Pazo”.

O vicepresidente da Deputación de Lugo sinalou que “a instalación dentro do edificio do Pazo é a única solución posible para crear este espazo atendendo á normativa urbanística” e explicou que “neste tempo se barrallaron outros proxectos como unha construción adxacente ao Anexo ou a instalación duns vestiarios prefabricados, que non puideron levarse a cabo”.

A instalación de vestiarios dá continuidade aos investimentos realiza-



dos nos dous últimos anos pola área de Deportes para que os equipos de baloncesto base da cidade dispoñan dunha instalación nas mellores condicións posibles, despois das intervencións realizadas para tratar de paliar os problemas de goteiras da cuberta, da instalación de luminarias LED e da instalación dun novo parque nas canchas.

Ao contrato, licitado por un importe de 236.000 euros, presentáronse ofertas de seis empresas. Proximamente, aprobarase a adjudicación por parte da Xunta de Goberno, iniciándose daquela o procedemento para formalizar o contrato, que se pode estender durante un mes, e levar a cabo as obras que teñen un prazo de execución de catro meses. A dotación de vestiarios súmase ás actuacións realizadas no Anexo para mellorar as condicións de uso dun recinto fundamental para o baloncesto base lucense, que usan de forma habitual para adestramentos e competición oficial uns sesenta equipos de distintos clubs de base.

CANASTRAS. Renovaron as dotacións deportivas nas pistas dos barrios do Sagrado Corazón e Galegos, cunha inversión de 3.500 euros. Na pista polideportiva do Sagrado Co-



razón renováronse dúas das tres canastas existentes, co cambio de pés, taboleiros, aros e redes, coa substitución da tradicional de corda por unha antivandálica, con cadea metálica para garantir unha maior duración. No que respecta á pista polideportiva do barrio de Galegos, se procedeu á substitución das dúas porterías e se renovou a canastra, tamén coa instalación de rede antivandálica.

Nos últimos meses, desde que se comezou a implementar o novo Plan Dinámico de Intervención nas instalacións deportivas municipais, o investimento total en distintas melloras supera os 120.000 euros. En total, a capital conta na actualidade con máis de medio cento de recintos municipais destinados á práctica deportiva e ao adestramento.

Avanza o Plan Paradai co inicio das obras en Serra de Meira a finais de mes

A finais deste mes comezarán as obras coas que atallarán as crecidas no Rato na rúa Serra de Meira. A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, e o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, José Antonio Quiroga, asinaron as actas de ocupación. Estes labores enmárcanse no convenio de colaboración entre a CHMS e o Concello, cun investimento que supera o medio millón de euros e que será sufragado nun 75 por cento pola Organismo da Cunca e no 25% restante polo municipal.

As expropiacións afectan a cinco terreos, cunha superficie total de 1.335,99 metros cadrados, dos que 329'88 se afectarán de forma permanente mentres que os 867'61 metros cadrados restantes se ocupa-

rán de xeito temporal para a realización das obras coas que se atallará o risco de inundación do Rato.

A intervención consistirá na limpeza, adecuación e ampliación do leito nunha anchura duns dous metros, co obxectivo de incrementar a súa capacidade de desaugadoiro nun tramo de 165 metros, augas arriba do emboque do soterramento do río Rato, ao seu paso pola glorieta da rúa Serra de Meira.

Entre outras actuacións, está prevista a demolición do muro actualmente existente na marxe dereita do río, desmontando previamente a canteira que o recubre, que será reutilizada para a execución dun novo tramo de muro desprazado dous metros con respecto á posición do actual.

O BNG continúa a reclamar a apertura de aparcadoiros en edificios dependentes da Xunta

O BNG continúa coa súa campaña a prol da apertura de aparcadoiros en edificios dependentes da Xunta. O portavoz do BNG de Lugo, Rubén Arroxo, lembrou que o Concello de Lugo “é exemplo de como as institucións poden poñer á disposición das veciñas e veciños as infraestruturas públicas, tal e como aconteceu coa apertura ao público, polas tardes, do aparcadoiro do Seminario”.

Ese espazo, explica Arroxo, pasou de estar reservado a persoal do Concello a ser accesible para toda a veciñanza, abrindo un camiño que debe prolongarse para optimizar os recur-

sos públicos dispoñibles para mellorar a mobilidade dentro da cidade, insiste o portavoz do BNG. En Lugo existen outros espazos xestionados pola Xunta de Galiza que poderían ampliar a capacidade de estacionamento na contorna do centro da cidade e que beneficiaría o acceso das veciñas e veciños a esta zona.

Ve necesario “paliar a perda de prazas de estacionamento na Estación, podendo empregarse as prazas do aparcadoiro do Edificio Administrativo da Xunta nun horario no que menos afecte á xornada habitual do persoal”.

Alegan problemas co reparto de mercadorías no centro

Lugo Monumental destaca que unha zona sexa peonil non tería que implicar a imposibilidade de que vehículos de gran tonelaxe poidan acceder ocasionalmente para situacións puntuais como pode ser o servizo de reposición de combustibles.

Os camiós que reparten gasóleo ou pellets superan os 3.500 quilos de limitación establecidos pola administración. “A solución que se lles deu ás empresas subministradoras é que repartan o gasóleo con cubos e os pellets con camiós máis pequenos, o que é de xeito evidente inviable”, afirman. Citan que as obras de certa envergadura que requiran de guin-

dastres de alta tonelaxe ou mesmo certo tipo de mudanzas, que precisan vehículos de gran tamaño. A isto engaden o problema da repartición. Dende o Concello aseguran que en ningún caso o persoal do 010 lle trasladou a ningún transportista que teña que descargar os pellets ou o combustible “a cubos”. Desde que transcendeu o decreto sempre se indicou que a limitación de acceso para vehículos de máis de 3.500 kg se constrinxía unicamente a esas dúas portas, Bispo Odoario e rúa do Teatro, xa que para o resto de portas pódese seguir accedendo como xa se viña realizando.

NOEL LÓPEZ PINÍN
• NUTRICIÓN •

MEJORA TU ALIMENTACIÓN Y RECUPERA TU SALUD

- Sobrepeso / Obesidad
- Alergias e intolerancias alimentarias
- Colesterol / Hipertensión / Diabetes
- SIBO
- Nutrición deportiva
- Nutrición infantil

C/ Armanya 5, baixo - Lugo 27001 • Tels.: 982 580 322 / 637 310 437
facebook: Noel López Pinín - Nutrición - • Instagram: @noelnutricion
www.dietistanoel.com

AO NOSO CARÓN

“Permitir Altri en Palas de Rei asenta un precedente de abuso de poder”

Marta Gontá, da Plataforma por unha Ulloa Viva, fai balance tras a multitudinaria manifestación

Lucía Blanco

“Dende a Ulloa ata a ría. Terra, auga e aire son vida”. Baixo esta premisa, miles de persoas gritaron alto e claro o seu rexeitamento contra a macrofactoría de Altri en Palas de Rei o domingo 26 de maio. “Eramos máis de 20.000 persoas nun concello duns 3.000 habitantes máis os que non deron chegado, porque moitos xa deron a volta en Melide porque de Arzúa a Melide levoulles chegar hora e cuarto”, asegura Marta Gontá, voceira da Plataforma por unha Ulloa Viva, un dos colectivos convocantes.

Foi o colofón final despois de meses de traballo nos que a plataforma informou á poboación sobre o impacto da fábrica, cuestionou as versións presentadas pola compañía e trasladou as súas reivindicacións ante partidos e institucións. O resultado: unha multitudinaria manifestación que deixou claro que o proxecto non só preocupa á comarca, senón a todo Galicia.

Que sensacións deixa a concentración?

A sensación que tivemos é moi boa. Realmente o apoio que realmente queríamos era do resto de galegos e galegas porque cremos que son quen máis nos entenden. Ao final nós somos unha plataforma apartidista de veciños e veciñas da contorna e sentimos que estabamos arroupados polo resto de Galicia.

Esta marcha e a recollida de máis de 23.000 alegacións pechan esta primeira etapa de traballo. Que balance fan?

Levamos máis dun ano pedíndolle información á Xunta e a Altri sobre o proxecto e ninguén nos atendeu.



Despois de sentirnos sós, foi cando decidimos montar a plataforma. Houbo dous golpes na mesa: a recollida das máis de 23.000 alegacións e despois a manifestación. O que estamos dicindo con todo isto é que os veciños da Ulloa e da ría de Arousa estamos totalmente en contra deste proxecto e apóiannos o resto de Galicia e ten que ser unha chamada de atención para as administracións públicas e para a propia empresa.

Denunciaron un certo “oscurantismo” á hora de dar a coñecer o proxecto. Cambiou esta postura?

En canto a informar do proxecto non houbo cambio. Cando veu Altri xa estaba público no DOG. Realmente o único que esperabamos era que foran capaces de verbalizar o escrito no proxecto e non foi posible. Seguen dicindo, por exemplo, que usan auga, que non a gastan. Pero no proxecto pon que collen 46 millóns de litros e que devolven 30.

Dende a compañía tamén recalcan a aposta pola madeira de proximidade, argumento que vostedes des-

montan.

É unha campaña de marketing o que están levando a cabo. Porque podes dicir que gastas 16 millóns de litros de auga ao día ou dicir que non a gastas, que a usas, pero a efectos prácticos que significa? Din madeira de proximidade, pero non, é monocultivo de eucalipto. Estamos falando de utilizar unha madeira dunha árbore invasora que provoca unha perda de biodiversidade moi grande na contorna e que compite cos gandeiros e cos agricultores pola terra.

Alertan de que a factoría impactaría directamente sobre a economía local, baseada na produción agrogandeira e no turismo.

Levan moito tempo vendéndonos a organización do territorio. A organización do territorio é que onde tes terras fértiles para facer alimentos de calidade para a xente non ten cabida este tipo de industrias. Dende esta comarca apostamos por redistribuír a riqueza con proxectos economicamente sostibles e polos produtos de calidade do sector. O

produto final que eles fan —celulosa soluble e lyocell— non encaixa co tecido socioeconómico que existe.

E a nivel ambiental, cales son as consecuencias?

Ademais da captación dunha inxente cantidade de auga nun escenario de cambio climático e a devolución de 30 millóns de litros de auga, tratada pero contaminada, o seu proxecto pon que liberarán 8.754 quilos de gases contaminantes ao día. Esa contaminación 350 días ao ano, que é o que poñen que a fábrica vai estar aberta, vai acabar nos nosos animais, no noso territorio e ata a imos respirar e beber.

Existe un descoñecemento sobre o territorio?

Entendemos que se está exercendo certa violencia cara ós veciños da Ulloa. Para levalo a cabo teñen que expropiar 366 hectáreas de terreo privado aos seus lexítimos donos. Estamos dicindo de todas as maneiras posibles que este tipo de negocio non nós interesa e véñeno impoñer. Permitir isto aquí asenta un precedente para consentilo en calquera sitio, é un abuso de poder.

Xoga un importante papel a declaración como proxecto industrial estratéxico.

O arquitecto do Concello de Palas dixo en decembro do 2022 que o proxecto incumpria a normativa para instalarse nesta zona e, a finais dese mes, decláranlo proxecto industrial estratéxico, o que fai que poidan saltarse a lei existente á que se refería o arquitecto. Ademais dálle potestade á empresa para expropiar os terreos nos que se quere instalar. Din que se vai instalar se cumpre a lei, pero non é garantía para nós para nada.



Fálase moito das cifras avultadas en canto a inversión.

É unha inversión privada que terá beneficios privados a conta da nosa auga, do noso aire e da nosa terra. Non estamos en contra da inversión, estamos en contra de que unha inversión de mil millóns de euros se apodere da nosa auga, da nosa terra e do noso aire, que privatice os nosos recursos máis básicos, que compita polo territorio cos nosos gandeiros e agricultores e que cando haxa beneficios serán só para a empresa.

Cren que a compañía logrará os fondos europeos?

Cremos que é imposible porque incumpren sete directivas europeas. É un chiste que queiran 250 millóns de euros de diñeiro público para iso. Europa está poñendo cartos para proxectos socioeconómicos como o que xa existe na Ulloa de maneira natural. Sería ir en contra do modelo de futuro que quere.

Desprazáronse ata o Congreso para reunirse cos distintos grupos parlamentarios. Que visión se ten do proxecto a nivel nacional?

Todos os partidos de esquerdas, a excepción do PSOE que non nos queda claro onde está, están en contra e parécenles unha barbaridade e tampouco o PNV o quere no seu territorio. O PP atendeunos cordialmente pero pareceunos que había bastante descoñecemento do territorio e do propio proxecto en Madrid.

Adega pretende frear un proxecto eólico en Lugo e Castroverde

A asociación ecoloxista Adega procura os fondos necesarios a través da campaña de recadación solidaria #TiPodesParalos para frear o polígono eólico Monte Contado, proxectado en Lugo e Castroverde. Pretenden reunir os 8.100 euros precisos para recorrer este proxecto eólico ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A súa autorización administrativa previa e de construción foi publicada no DOG o 16 de xaneiro.

Adega suma así un novo desafío á súa campaña de recadación solidaria para a interposición de recursos contencioso-administrativos contra o actual modelo eólico promovido pola Xunta de Galiza. Unha campaña que ata o de agora permitiu levar ante a xustiza unha trintena de proxectos eólicos e que xa conseguiu varios éxitos nos tribunais, como as recentes paralizacións cautelares dos proxectos Monte da Croa, Pico

Seco, Rodicio II, Monte Toural ou Serra do Punago.

A asociación ecoloxista chama á colaboración cidadá para alcanzar o obxectivo de doazóns necesario na defensa do rural e o medio ambiente galegos fronte á actual invasión eólica. O proxecto ten unha incidencia directa sobre o Camiño Primitivo. O parque eólico Monte Contado contempla a instalación de cinco aeroxeradores de máis de 220



metros de altura e unha liña de evacuación de máis de 7 quilómetros de lonxitude nunha área moi extensa que funciona como corredor de conectividade ecolóxica entre tres

zonas da Rede Natura 2000: ZEC Parga-Ladra-Támoga, ZEC Miño-Neira e ZEC A Marronda, situadas todas elas a menos de 15 quilómetros do proxecto.

Friol pavimenta accesos no rural por importe de 150.000 euros

As obras que se están levando a cabo son de pavimentación de varios accesos, en seis vias do Concello de Friol, O Bustelo, O Pacio, San Cibrao, Sixto, Porto de Cas e A Pereira, que pertencen ás parroquias de Guimarei e Condes, Pacio, San Cibrao, Xiá e Carballo. Estas obras están sendo executada pola empresa Mantenimiento Forestal MG SL.

Estanse levando a cabo os traballos necesarios para realizar estas obras tan importantes para o Concello de Friol, nun total de algo mais de seis quilómetros de lonxitude, e que suman case 147.981,62 euros, que se financiarán con cargo ao Plan Único.

É un proxecto de importancia para a poboación de Friol, pois trátase de realizar de melloras e mantemento de camiños municipais que beneficiarán ás parroquias mencionadas e en xeral a unha gran parte da veciñanza. As vías obxecto de actuación, mediante pavimentacións, estaban en mal estado debido ás condicións



normais do tráfico, o paso de maquinaria agrícola ou para traballos forestais, as condicións atmosféricas e en definitiva o paso de tempo. Polo tanto, as actuacións a realizar foron encamiñadas a reparar as deficiencias que presentaban e a previr que se produciran máis danos.

Todas estas actuacións que se están executando, traerán unha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes das zonas do municipio onde se está actuando, pois a mellora de todos estes camiños facilitará o

acceso polos mesmos aos habitantes do Concello.

Para o equipo de Goberno isto é algo prioritario e no que procuran traballar cada día, e como di o seu alcalde José Á. Santos “que as vías polas que temos que circular cada día estean en bo estado é prioritario para facilitar o paso e evitar posibles accidentes que poden ocasionarse co mal estado das mesmas, e tamén que todas as persoas que nos visitan ao longo do ano non teñan problemas para circular polas vías municipais”.

Roimil celebra o 23 a Festa de San Xoán

A comisión de festas de Roimil, en Friol, celebrará o 23 de xuño a Festa de San Xoán.

Esta terá lugar no local social da parroquia, situado no campo da feira. As persoas que desexen asistir deberán abonar 25 euros, que inclúe o xantar. Están previstas na festa varias actividades como unha sesión vermú, un xantar, baile, sardiñada e fogueira.

O Club Fluvial acolle o día 8 un campionato de cans de rastro

A Asociación de Cazadores de Santa María Alta organiza o domingo 9 de xuño unha proba Proba de Cans de Rastro Atrelados sobre Xabari en Friol, xunto coa Federación Galega de Caza. A proba é puntuable para a Copa Galicia.

A cita e a concentración previa será no Club Fluvial a partir das 8.30 horas. Os 5 premios consistirán en premios económicos de entre 200 e 50 euros ademais de penso.

A participación será libre, só cómpre ter a licenza de caza federativa

O prezo da inscrición é de 55 euros co segundo can a 20 euros.

Paz Rodríguezponse á fronte do Agader na Xunta de Galicia

A Consellería do Medio Rural prosegue coa reorganización do seu cadro de cargos intermedios. Tras revalidar a José Balseiros á fronte da Dirección Xeral de Agricultura, Gandería e Industrias Agroalimentarias, aprobouse no Consello da Xunta o nomeamento de Paz Rodríguez como nova Directora Xeral de Desenvolvemento Rural, cargo no que sucede a Inés Santé. Rodríguez será tamén directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Nada en Monforte de Lemos en 1970, é licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña (UDC). Foi xerente do Grupo de Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo (GDR-4), e ata o de agora traballaba como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Friol.



mento Rural da Comarca de Lugo (GDR-4), e ata o de agora traballaba como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Friol.

A comisión avanza o contido do cartel das súas festas patronais

A comisión de festas de Friol, que se celebrarán do 13 a 15 de xullo na honra a Santa Isabel, fixo pública a listaxe de orquestras que actuarán durante os tres días.

Así, preside o listado El Combo Dominicano, e xunto a el estarán Kalima 3.0, Aché, Alianza, Gran Parada e La Duendeneta. O que aínda non se coñece é o horario e as actividades complementarias.



Trátase dun combinado de músicas diferentes para amenizar estas festas que todos os anos reúnen miles de persoas en Friol.

Invisten 448.000 euros na traída de Seixón



O alcalde de Friol, Jose Ángel Santos, e a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, reuníronse fai uns días, acompañados pola Directora Xeral de Patrimonio Natural, Maria Sol Díaz e o novo Director de Augas de Galicia, Roi Fernández, para avaliar e activar o proxecto para dotar de abastecemento de auga á parroquia de Seixón. Este proxecto eleva o seu orzamento a case 448.654€, dos cales, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático asumirá o 80%. O restante 20% será costeado polo Concello de Friol.

Durante este encontro, o rexedor trasladoulle á conselleira que o obxectivo é habilitar o servizo de abastecemento nos núcleos desta parroquia, mais concretamente en Seixón de Abaixo e Seixón de Arriba, O Vilar, Subcampo, A Lagoa, O Covelo, Cela e A Abelaira, polo que a previsión é garantir o subministro para todos os habitantes destes lugares, que suman mais de 280 en

total.

Esta actuación permitirá tamén dar servizo ás granxas e explotacións gandeiras situadas nesa contorna, que teñen actividades económicas que pertencen sobre todo ao sector primario.

O alcalde de Friol quixo aproveitar a reunión para analizar tamén con Ángeles Vázquez o estado no que se encontra o proxecto de saneamento no núcleo de Roimil. Neste tema, a Conselleira comprometeuse a que o Goberno galego financie con case 80.000 euros a acometida eléctrica, que é o último paso que queda pendente para a posta en funcionamento da rede de colectores do núcleo e do sistema de depuración.

A Xunta de Galicia continúa prestando o seu apoio técnico e económico aos concellos para que poidan exercer as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito mais eficiente e prestar servizos de calidade aos seus veciños e veciñas.

Asinada a venda dunha parcela no polígono

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou cos representantes de dúas empresas e ante notario os contratos de compravenda dunha parcela do polígono industrial de Chantada e outra do polígono de Friol. Os dous complexos pasaron a xestionarse directamente pola institución provincial trala extinción da Sociedade Urbanística Provincial (Suplusa).

No caso do polígono dos Acivros, no concello de Chantada, vendeuse a parcela número 21 a Udeica S.L. por 45.560€, que se dedica á xestión de capital de sociedades. O mandatario provincial tamén asinou a venda dunha parcela do polígono industrial A Gándara, en Friol. Trátase da

parcela número 15, que adquire a empresa DFJ Salvi Industry S.L. por 33.412 euros, que se dedica ao alugueiro de bens inmobles.

Os alleamentos destes terreos leváronse a cabo a través dun proceso de adxudicación directa, tras os escritos presentados polas empresas, nos que mostraron o seu interese en adquirir as devanditas parcelas.

Desta forma, a día de hoxe, no polígono de Friol están vendidas 28 parcelas, das 55 existentes, quedando libres 27; e no caso de Chantada, non quedarían parcelas dispoñibles das 49 que ten este parque, pois só quedan sen vender 6, pero xa están reservadas á espera de formalización das vendas.

Penas de Rodas celebra a Romaxe o 30 de xuño

A LXIV edición da Romaxe de Penas de Rodas terá lugar o domingo 30 de xuño. Esta popular xuntanza ten lugar na localidade de Gaioso, en Outeiro de Rei, cunha programación variada con xogos infantís, música, baile e moitísimas sorpresas.

A programación dará comezo ás 10.00 co I Aberto de Billarda, ao que seguirá, ás 11.00, un partido de fútbol, e sobre o mediodía abrirase a IV Feira de Produtos da Terra á que seguirá o pregón, que este ano estará a cargo de Manuel Curiel, director da Semana de Cine de Lugo. As actuacións musicais comezarán coa sesión vermú, que estará a cargo dúo La hora bruja.

O acto central é o xantar campes-

tre, que dará comezo ás 15.00 horas seguido do espectáculo A Maxia de Ian e Elisa, previsto para as 17.00 horas. Xa antes, haberá xogos populares para nenos e adultos.

Ás 18.00 haberá unha representación da Escola de Teatro de Penas de Rodas co título Esta si que che é desgracia, para pechar, ás 19.30 horas, a Feira de Produtos da Terra.

Durante a xornada estarán á venda pan, empanadas, polbo e churrasco e haberá tamén servizo de bar.

O sábado 29 (día anterior á Romaxe) farase unha proxección sobre unha das penas. Dura 45 minutos e é unha curta inédita dos anos 50 sobre Galicia.

Convocado o segundo campus de fútbol para nenos este mes

O SD Outeiro de Rei continúa co seu impulso do fútbol de base e ten convocado para finais de mes a segunda edición do Campus de fútbol, dirixido a nenos de entre 5 e 12 anos, tanto do concello como dos arredores.

Os participantes realizarán actividades de fútbol campo e fútbol sala, ademais de outras de ocio como multiaventura, multideporte, excursións e visitas formativas. Contarán con roupa, un seguro e unha merenda todos os días, entre o 24 e o 28 de xuño.

As sesións terán lugar de 9.30 a 14.00 horas entre os días 24 e 28 de xuño. Ten un prezo de cen euros.

A inscrición e información pode facerse ata o 7 de xuño nos teléfonos 696 587 957 e 639 286 181.

A inscrición e información pode facerse ata o 7 de xuño nos teléfonos 696 587 957 e 639 286 181.

Abre o prazo para estar na Feira de Artesanía

O Concello de Outeiro de Rei organiza a décimo sexta edición da súa tradicional feira de artesanía que terá lugar o sábado 6 de xullo.

Un ano máis, as tradicionais seccións de artesanía e de produtos de alimentación buscarán ofertar ao público unha ampla mostra de artigos únicos de calidade de diferentes especialidades porque ao igual que nas edicións pasadas, o Concello de Outeiro de Rei tratará de dar cabida á maior variedade posible de oficios e de produtos artesanais.

A tal efecto, o Concello de Outeiro de Rei abriu o prazo de inscrición para participar na feira de artesanía polo que as persoas que desexen asistir como expositores poden solicitar a súa participación no Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local ou nos teléfonos 982

393 382/ 982 393 281, en horario de 9:00 h a 14:00 h.

O Concello de Outeiro de Rei ofrece aos expositores admitidos que non veñan co seu propio posto un espazo cuberto para expoñer (en *jaimas* ou similar e sen custo).

Á hora de obter posto valorase a dedicación profesional á actividade artesanal ou alimentaria. Neste sentido, terán prioridade os talleres artesanais e as persoas dadas de alta na Seguridade Social e con carta de artesanía en vigor.

Igualmente, preténdese que na feira exista o maior número de oficios artesanais representados valorándose a calidade dos produtos, a presentación dos postos e a colaboración co Concello na realización de demostracións e talleres.

Xa hai gañadores da VII edición do concurso de vídeo poemas

Noa Cabaleiro Ribadulla, do IES n.º1 da Estrada, co vídeo poema *A xustiza pola man* e alumnado do CPR Santiago Apóstol de Narón, co vídeo poema *Negra sombra* resultaron gañadores da VII edición do Concurso de vídeo poemas sobre composicións poéticas de Rosalía e Manuel María que organiza a Casa-Museo Manuel María.

A estudante estradense e os estudantes naroneses (Pablo Bollaín Ponce, Pablo Coira Seco, Kiara Fernández Sánchez, Candela Mera Fernández, Anahit Gevorgyan Harutyunyan, Adrián López Fonticoba, Patricia López Pazos, Noa Permuy Díaz, Diego Rodríguez del Pozo, Candela Sánchez Garrido e David Villanueva Villanueva) obtiveron os dous premios outorgados pola Casa-Museo Manuel María durante o acto que se celebrou en Outeiro de Rei.

Na cita expuxéronse os doce traballos finalistas desta edición, entre os máis de medio centenar presentados por distintos centros educativos de toda Galiza. O xurado do certame, composto polo realizador Omar Rabuñal Varela, o profesor e



guionista, Eduardo Álvarez González, e a profesora e guionista, Anxa G. Refoxo, premiou o vídeo poema *A xustiza pola man*, de Noa Cabaleiro Ribdulla, “por unha sobresaliente interpretación da protagonista cuns planos que transmiten plenamente a variedade de emocións que transitan o poema. Pola plasticidade das imaxes e un ritmo na montaxe que contribúen moi notablemente a conducir e achegarnos á palabra literaria”.

Así mesmo, premiou o vídeo poema *Negra sombra*, do alumnado do CPR

de Narón, “polo potente e coherente resultado que consegue esta obra coral en feminino utilizando a iluminación como recurso dramático, complementado cunha posta en escena en branco e negro como única gama de cor”.

Alén dos gañadores, Sofía Regueiro, do IES Monelos da Coruña, obtivo un accésit polo vídeo poema *Rosas* en que o xurado salientou “pola intelixente solución visual que xogando coa dobre cor, a luz e o ritmo, consegue transmitir a beleza da palabra poética”.

EN BREVE

SAN MARTÍN DE GUILLAR. O venres 7 de xuño darán comezo en San Martín de Guillar as festas na honra a San Antonio, cunha churrascada para todos os veciños e colaboradores. Despois será a primeira verbena, con Tania Veiras e Eureka. Ao día seguinte haberá misa solemne ás 13.00 horas con procesión e sesión vermú. Esta estará ao cargo de Los Españoles, que tamén tocarán na verbena xunto a Cinema. O domingo 9 chegarán as festas ao seu final coa sesión vermú, que estará a cargo do dúo Eclipse. Esta terá lugar despois dos oficios relixiosos.

CURSO. O Concello de Outeiro de Rei colabora co Sindicato Labrego Galego na posta en marcha dun curso de plantas aromáticas e medicinais de 14 horas de duración, no que as persoas participantes realizarán saídas para a identificación e recollida de plantas e adquirirán coñecementos sobre o seu procesamento e utilidade. O curso está previsto que se realice os días 11, 18 e 25 de xuño e o 2 de xullo en horario de 16:30 a 20:00 horas. Para anotarse ou recibir máis información poden chamar ao 982 231 154 ou ao 982 393 408; este curso é gratuito e o prazo de inscrición estará aberto do 27 de maio ao 7 de xuño.

O Concello saca a licitación as escolas deportivas municipais

O Concello de Castro de Rei iniciou o proceso de licitación do contrato das escolas deportivas municipais e actividades de lecer e tempo libre extraescolar e vacacional, co que se pretende favorecer a conciliación familiar e laboral das familias da comunidade educativa ao tempo que se pretende impulsar a práctica físico-deportiva, recreativa e saudable a través da prestación dos servizos de actividades deportivas, piscinas, madrugadores e campamentos de verán, dentro do programa de conciliación da vida familiar e laboral das familias, así como a prestación de diferentes actividades relacionadas co lecer entre as que se atopan o día do neno, actividades de nadal ou Entroido.

O período de duración do contrato unha vez adxudicado, será de dous anos, con posibilidade de prórroga por un ano máis, ascendendo o seu importe base de licitación á canti-



dade de 144.770,64 euros anuais. Dende o Concello valoran “positivamente este servizo que permite a conciliación laboral e familiar, que achegamos a toda a comunidade educativa do concello, con actividades que se celebran nos núcleos de Castro de Rei e Castro Ribeiras de Lea, vinculadas ao CEIP Ramón Falcón e ao Veleiro Docampo

castroverde

La Misión, La Fórmula e Grupo Extra estarán nas festas de xullo

Do 24 ata o 27 de xullo Castroverde celebrará as súas festas na honra ao Santiago Apóstolo cun amplo programa no que estarán La Misión, o Grupo Extra e La Fórmula, entre outras formacións. O día 24 os asistentes poderán gozar do Grupo Cano, formación asturiana que ten como obxectivo de divertir ao público, facendo un repertorio do máis variado, combinando talento e baile. Estarán acompañados de La Misión, referente nas festas e eventos de todo España.

O seu espectáculo considerase coma o máis grande do territorio nacional, para o cal necesitan ata 5 camións. Para o día do Santiago Apóstolo contarán co Grupo Extra, agrupación formada no ano 2007 e considerada a principal banda de bachata en Europa.

Na mesma xornada, estará Mekanika Rolling Band, agrupación de Negreira formada no 2003 e considerada tamén como electro charanga pola súa amplificación dos instrumentos e pola súa temática de rock and roll, ska e reggae.

O programa continúa o venres 26



coa orquestra La Fórmula que ofrecerá o seu gran repertorio.

BARREDO. Barredo, en Castroverde, celebra as festas na honra de San Antonio o vindeiro 8 de xullo. A cita comeza ás 14.00 horas con misa solemne, procesión e sesión vermú coa actuación da orquestra M3 show. Xa pola tarde, ás 18.30 horas, estará o Dj Adolfo Valiño e a continuación terá lugar unha verbena co Dj e M3 Show.

MARATÓN DE FÚTBOL SALA. O Castroverde organiza unha nova edición

do Maratón de Fútbol Sala. A cita que terá lugar o 7, 8 e 9 de xuño, chega a súa vixésimo sétima edición. O torneo está organizado polo club da vila e polo Concello e conta coa colaboración da Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia.

As inscricións permanecen abertas ata o 5 de xuño. Haberá premios para os catro primeiros clasificados e puntos para os oito primeiros. Os interesados poden solicitar máis información a través do 690 128 689 e do 626 278 946 e facer a inscrición, que son 150 puntos, a través do correo castroverde@hotmail.com

guntín

O Concello aposta pola conciliación cun obradoiro infantil este verán

O Concello de Guntín pon en marcha o Campaguntín 2024, unha iniciativa que busca a diversión dos máis pequenos e facilitar a conciliación das familias.

Os interesados xa poden reservar a súa praza no Concello. A actividade será de luns a venres de 10.00 a 14.00 horas para nenos e nenas a partir da 4 anos. A proposta, cuxas inscricións son semanais, será do 1 de xullo ao 30 de agosto.



pol



Trécola celebra os 42 anos da súa fundación

A compañía polense Trécola Producións celebrou en maio e aproveitando o Día das Letras Galegas o 42 aniversario desde a súa primeira función como compañía profesional. Fíxoo cunha representación da súa nova obra *Coa música a outra parte* no Festival Internacional de Títeres de Redondela.

Esta obra de títere tradicional de creación propia baseada en textos de Rafael Dieste e dirixida por Isa Coldeira, tamén se poderá desfrutar o domingo día 19 con sesión de mañá e tarde, tamén dentro da programación do festival.

O elenco de *Coa música a outra parte* está formado por Ero Vázquez, responsable da compañía, Raquel López Cendán, e os músicos Pablo Pintor e Barbeiro, integrantes do grupo Airiños da Freba.

O sábado 18, Trécola presentou tamén en Redondela a súa instalación de autómatas Kinetiko, que hai uns anos viaxara por máis de 30 concellos de Lugo.

O equipo actual de Trécola Producións leva máis de 18 anos vivindo

no mundo das marionetas, son a segunda xeración dunha compañía creada no ano 1981 cuns obxectivos que seguen mantendo como "a dignificación e protagonismo das marionetas como ferramenta artística no teatro". A proposta está baseada en anos de experimentación no manexo e construción de diferentes tipos de marionetas, sempre ideando a mellor opción segundo as necesidades do personaxe ou escena.

"Tentamos fomentar, sempre dende o divertimento, valores coma a igualdade, o respecto e o apoio mútuo. Vemos de vital importancia unha educación emocional positiva así como de respecto pola natureza", explican os membros da compañía de Pol.

Teñen neste momento 11 obras en repertorio e máis unha instalación de pezas autómatas artesanais. "Dende o noso comezo como responsables da compañía, máis de 20 montaxes estreadas, construíndo escenografías, estruturas, marionetas e guiños, deseños de iluminación, deseño de músicas, vestuarios", engaden.

castro de rei

Balado busca impulsos para varios proxectos



O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha reunión de traballo co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, para valorar a colaboración entre ámbalas dúas administracións no desenvolvemento de proxectos conxuntos no municipio.

Arias destacou a cooperación da Xunta cos concellos, especialmente os rurais e de menor poboación, para ofrecer servizos e dotacións á veciñanza e equilibrar as condicións de vida e de traballo en todo o territorio.

CONCENTRACIÓN PARCELARIA. A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, reuniuse o venres pasado co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado Teijeiro, para abordar diversos asuntos de interese para este concello lucense, entre eles as concentracións parcelarias. Neste encontro trataron os trámites necesarios para seguir avanzando no proxecto da concentración parcelaria de Triabá, situada na parroquia homónima, así como para estudar novas posibilidades de sumar máis terra mobilizada en zonas de alta produción gandeira.

Regresa o Criterium Aeronáutico a Rozas no mes de xullo

Lugo acolle unha nova edición do Criterium Aeronáutico, que se celebrará en Rozas 25 ao 27 de xullo. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un acordo de colaboración co presidente do Real Aeroclub, Luis Abelleira, polo que a institución provincial achegará 10.000 euros para a cita consolidada como unha das máis importantes do panorama nacional.

Contará un ano máis con actividades pensadas para todos os públicos, entre as que se incluírán o paracaidismo, paramotor, voo acrobático, drones, ultralixeiros ou un simulador de voo. Haberá tamén un circuito de karts, inchables, voos de exhibición e exposicións. Un ano máis terá lugar de forma simultánea a Volta Aérea a Galicia, aberta a todos os pilotos que desexen participar.

Trátase dun evento moi atractivo, que forma parte da oferta turística de Lugo e que consolida á provincia como un destino de experiencias, o que precisamente encaixa co modelo de turismo de calidade e sostible que impulsa a Deputación de Lugo.

Denuncia á alcaldesa por prácticas “contra a base da democracia”

O voceiro municipal do PSdeG en Rábade, Alejandro Martínez, vén de elevar unha queixa á Valedora do Pobo contra a forma de proceder da alcaldesa, denunciando un comportamento que cualificou de “atentar contra os principios máis básicos da democracia”. Explica Martínez que lle privaron da asistencia ao último Pleno, porque cambiaron a data da sesión e só o comunicaron electronicamente a pesar dos problemas informáticos dos que el mesmo alertou.

“Menoscabouse o meu dereito, porque non se me permitiu participar na deliberación e na decisión que se adoptou na sesión da Corporación municipal”, reprochou o socialista no escrito que fixo chegar á Valedora. “Entendo que se me privou do meu dereito de exercer

as funcións propias do cargo público representativo do que son titular por vontade dos electores do noso municipio, infrinxindo o principio constitucional de participación política, que é un dereito fundamental”, engadiu.

Relatou o socialista que o día no que estaba previsto que se celebrase o Pleno ordinario, o 8 de maio, chegoulle unha notificación a través da sede electrónica do Concello, á que non puido acceder por un “erro de privacidade”. “Sen ter máis noticias ao respecto, o luns día 13 a alcaldesa chamouno e trasmitiulle que o resto da Corporación si puido acceder á convocatoria, non así ao contido documental dos asuntos a tratar, “procedéndose a celebrar a sesión plenaria sen a miña presenza”.

O 28 de maio de 2025 será festivo para conmemorar o seu centenario

O 28 de maio do ano 2025 será festivo en Rábade para conmemorar os 100 anos como Concello independente. Así o anunciou o equipo de Goberno no acto organizado para celebrar o 99 aniversario desde que o municipio se converteu en Concello independente co nome de San Vicente de Rábade, o 28 de maio de 1925. O acto deu comezo coa actuación do Coro da Asociación Música Crisanto, que interpretou dúas cancións tradicionais galegas.

Luis Novo, fixo a lectura da acta fundacional do Concello e o concelleiro Carlos González, encargado de dirixir o acto, falou da súa historia e de como o reflectiron os medios da época.

Tamén foron presentadas as actividades que o Goberno local levará a cabo para conmemorar esta data, entre as que está un concurso de



carteis para anunciar o centenario e un premio “especial centenario” no tradicional concurso de pintura rápida que organiza o Concello. Inaugurouse ademais unha exposición permanente no Centro Sociocultural coas obras gañadoras do concurso de pintura rápida desde que comezou a súa celebración no 2008.

No marco desta efeméride o Con-

cello organizou tamén un concerto nos galpóns do Campo da Feira coa presenza do artista begontés, Adrián Vigo, ao que seguiu unha verbena.

Todos e todas as asistentes recibiron como agasallo a bandeira do Concello, o documental *Insuas do Miño* e os libros *De Rapati a Rábade* e *Rábade de comercial. Calzada, camino y vía*.

o corgo

Os Cinco Ríos prepárase para a noite de San Xoán

A asociación Os Cinco Ríos do Corgo xa ten programa para a noite de San Xoán. A cita, que combina gastronomía e música, terá lugar o domingo 23 de xuño a partir das 10.00 horas xunto á cámara agraria.

Ademais de fogueira, haberá pinchos para todos os asistentes. Os encargados de amenizar a xornada será o dúo Eclipse. O evento conta coa colaboración do Concello do Corgo.



Cambio de mobiliario urbano para humanizar a rúa Música Crisanto

O Concello vén de recolocar uns bancos de granito na Rúa Música Crisanto co obxectivo de reordenar a zona de aparcamento, evitar que os peóns teñan que camiñar pola estrada e facilitar a entrada aos portais. O Goberno local pretende con esta actuación humanizar a zona, ao tempo que xa se pode intuír como quedará a reordenación do tráfico, máis ordenada e acorde cos traballos de mellora nas rúas remodeladas na contorna do campo da feira, o corazón da vila.



O día 14 será a III ruta Andando e Correndo pola Vía Küinig

Baralla e O Corgo acollen a terceira edición da ruta Andando e Correndo pola Vía Küinig. A cita será o vindeiro 14 de xullo. A andaina comezará ás 10.00 horas e a carreira ten a hora de comezo ás 11.00 con saída na praza do Concello de Baralla.

A meta será na capela de San Bernabé, no Corgo e haberá servizo de buses de meta e saída e regreso. As inscricións pódense realizar a través de www.ccnorte.com cun prezo de 5 euro ata o 30 de xuño e de 10 euros ata o 10 de xullo.



Convocada unha nova edición do InsuaCamp

Este ano volve convocarse o InsuaCAMP na Casa das Insuas, do 29 de xullo ao 3 de agosto, o campo de traballo que, como todos os anos, centrarse no estudo dos quirópteros forestais e os odonatos.

O InsuaCAMP ofrece un espazo formativo a persoas interesadas en profundar en metodoloxías de estudo de diferentes grupos faunísticos e florísticos, nun dos máis extensos e mellor conservados bosques aluviais da península Ibérica: o que tapiza a conca alta do río Miño en Terra Cha, na Reserva

da Biosfera Terras do Miño (Lugo). E especialmente nas insuas (illas) de Rábade, máis de 100 hectáreas de bosque e prados seminaturais nas que Morcegos de Galicia conta cunha extensa rede de caixas refuxio para morcegos.

A inscrición inclúe a comida e a cea. Non inclúe o aloxamento/almorzo, aínda que axudarán aos participantes a xestionalo do modo máis cómodo e eficiente posible. Os traballos de campo comezarán ás 10:30 e terminarán tras a mostraxe de madrugada de morcegos.

A Casa das Insuas acollerá do 14 ao 16 de xuño un curso de percusión medieval

A Casa das Insuas de Rábade acollerá entre o 14 e o 16 de xuño un curso de tres días sobre percusión medieval co título Ritmo e percusión nas cantigas de Santa María.

A formación estará a cargo de Jota Martínez, especialista en música e instrumentos medievais.

As inscricións poden realizarse no 657 609 387 e no Whatsapp 611 679 270.

Trátase dunha actividade organizada polo Concello de Rábade e a Asociación Galega de Custodia do Territorio.

DEPUTACIÓN

A Deputación destina 30.000 euros ao impulso do pequeno comercio

O presidente, José Tomé Roca, asinou un acordo de colaboración co presidente da Federación de Comercio, José María Seijas, para apoiar o funcionamento da oficina técnica que o colectivo ten en Lugo e na que traballan 8 persoas para informar e asesorar aos establecementos e asociacións do sector.

A institución provincial achega 30.000 euros ao colectivo para o funcionamento da oficina técnica de información e asesoramento ao comercio da provincia, un servizo que conta con 8 traballadores.

José Tomé afirmou que institución provincial renova esta colaboración no marco do seu compromiso de seguir apoiando ao tecido empresarial porque “manter unha oficina de asesoramento é crucial para o seu desenvolvemento e crecemento”. “Seguimos traballando para impulsar a economía local e brindar oportunidades aos emprendedores, axudarlles no seu día a día, dándolles respaldo e os recursos necesarios para que poidan desenvolver a súa actividade. Os nosos comerciantes



locais son máis que simplemente vendedores: son membros activos e valiosos da nosa comunidade”.

Para o mandatario provincial é “moi importante que estas oficinas estean en Lugo porque supón unha vantaxe importante para os comerciantes da nosa provincia que se poden achegar en persoa dende os seus negocios a resolver calquera dúbida ou realizar calquera xestión cos técnicos, ao igual que tamén os técnicos acoden aos comercios para informarlles en persoa de campañas ou proxectos que están desenvolvendo, por exem-

plo”, resaltou.

Puxo en valor o asesoramento que prestan dende a Federación porque “contribúe a mellorar e potenciar a competitividade do comercio de proximidade”. “A Deputación é consciente do papel fundamental que teñen os pequenos negocios na economía local e provincial e na xeración de emprego”. Así mesmo, incidiu en que esta axuda servirá para traballar nos retos que teñen por diante, “que pasan por sensibilizar aos consumidores da importancia de mercar nos establecementos de proximidade”.

O BNG defendeu no Pleno un acordo nacional pola lingua galega

A deputada Iria Castro, responsable de Cultura no goberno provincial, sinalou ao Partido Popular como o “partido do non ao galego”, despois de que o grupo popular votase no pleno en contra dunha proposta para traballar a favor dun acordo nacional polo futuro da lingua galega, que reverta a tendencia de perda de falante que se ven dando de forma moi acusada na última década.

Iria Castro puxo en valor a capacidade e relevancia económica e social da creación musical, audiovisual e

editorial en galego “a pesar das trabas que o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza pon á creación en galego”, poñendo como exemplo o recorte do 60% nos recursos para fomentar a dobraxe ao galego, e incidiu na necesidade de medidas que “palien a sangría de falantes, sobre todo entre as xeracións máis novas”

A proposta, aprobada no Pleno polo goberno provincial pese ao voto en contra do PP, insta á Xunta de Galiza a elaborar unha nova Lei de Normalización Lingüística, que actualice e

adapte á realidade da sociedade galega actual o texto de referencia para a normalización social do galego e a elaborar un novo decreto para os usos lingüísticos no ensino.

Tamén demanda recuperar os niveis de investimento en políticas lingüísticas, potenciando o investimento en contidos dixitais de calidade, en galego, dirixidos á mocidade e crear dunha rede verdadeiramente estruturada e coordinada de servizos de normalización lingüística de carácter territorial.

Adxudicadas as tarefas de desbroce en estradas

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a adxudicación, por 571.396,47 euros, dos traballos de desbroce de estradas provinciais ao seu paso por 11 concellos da provincia. “Nas vindeiras xuntas de goberno adxudicaranse os traballos para o resto de vías, ata completar os 4.217 quilómetros que conforman a rede de estradas coa que conta a Deputación”, avanzou Rivera Capón.

As tarefas de desbroce corresponden ás zonas de 5 lotes do contrato, que son as que afectan aos concellos de Castro de Rei, Pol e Meira; Castroverde e O Corgo; Ribeira de Piquín e A Fonsagra-

da; Nogueira de Muñiz e Navia de Suarna; e Chantada e Carballedo. O contrato para acometer os desbroces da rede viaria provincial está dotado con máis de 3 millóns de euros e está dividido nun total de 24 lotes.

“A rede de estradas da Deputación é a máis extensa de toda España e para o seu acondicionamento e mellora destinamos moitos recursos económicos. De feito, neste ano 2024 están consignados 20 millóns de euros nos Orzamentos para as estradas provinciais, o que supón un incremento dun 42% no último mandato”, sinalou Rivera.



Presentan nun congreso o sistema de atención aos maiores da entidade

A Deputación de Lugo acolleu a xornada *A prestación de servizos de calidade ás persoas maiores nos municipios de pequeno tamaño como estratexia contra o despoboamento*, organizada pola Fundación Democracia y Gobierno Local en colaboración coa propia institución provincial. O congreso, ao que asistiron un centenar de persoas, reuniu a expertos e profesionais do sector da prestación de servizos sociais que destacaron a rede pública de Centros de Atención a Miores da Deputación como exemplo de políticas útiles para favorecer o benestar social e afrontar o reto demográfico, e, polo tanto, como estratexia eficaz para fixar poboación.

Rivera Capón sinalou que “a atención á terceira idade é unha das

prioridades da nosa provincia. Unha obriga sanitaria, un compromiso de xustiza social ineludible e tamén un elemento clave para revertir as tendencias demográficas adversas que continúan a drenar a poboación do rural”. Sinalou o Deputado que “ninguén quere, nin pode, vivir nun lugar no que non haxa escola infantil, colexio, médico ou servizos de atención aos maiores que lles permitan recibir os coidados que precisan sen ter que marchar do seu entorno familiar”.

Destacou que atendendo a criterios da Organización Mundial da Saúde (OMS), Lugo debería contar con 4.863 prazas de residencias e lamentou que “o Goberno da Xunta presume de que ten 400 prazas públicas e preto de 1.000 en residencias concertadas”.

ÚLTIMA GUÍA SOBRE O ROMÁNICO

A Catedral de Lugo acolleu a presentación da cuarta e última guía do románico editada pola institución provincial para difundir e poñer en valor este patrimonio na provincia, dedicada ás comarcas de Lugo, A Terra Chá e A Mariña. Un libro que, tal e como explicou José Tomé, vén a completar o proxecto editorial que iniciou a Deputación no ano 2021 con publicacións sobre este tipo de arte no conxunto da provincia.



DEPORTES

O júnior feminino do Emevé xa é por segundo ano campión de España



O Emevé volveuno facer e logrou por segundo ano consecutivo o título de campioa de España na categoría júnior feminino.

As luguesas chegaron á proba, que se disputou en Las Palmas de Gran Canaria como campioas galegas logo dunha gran tempada. O obxectivo era conseguir novamente alzarse co ouro, despois de que o ano pasado derrotaran na final ao Barça. Dito e feito, as luguesas

pecharon a primeira fase do campionato como campioas de grupo cedendo un set nun dos encontros. Na fase de oitavos e cuartos seguiron sumando vitorias para chegar á semifinal derrotando ao Premiá de Dalt Maresme.

O título foi logrado ante o Hidramar Gran Canaria. Ademais a xogadora luguesa Blanca Jiménez foi distinguida como a mellor do torneo.

O fútbol de base escolleu aos campións da Copa Deputación

As categorías do fútbol base, entre prebenxamín e xuvenil, escolleron aos gañadores das Copa Deputación 2024, a excepción da infantil.

Na categoría xuvenil o título foi para o Milagrosa, que se fixo coa Copa despois de obter o ascenso á Galega na fase de Liga. Os lugueses impuxéronse ao Becerreá por 2-0 na final celebrada no campo da Ribela de Sarria o sábado pola tarde.

Xove foi o lugar escollido para a final cadete, na que dous equipos da Mariña competían polo trofeo. Foi o Viveiro o que levantou a Copa logo de vencer ao Lourenzá por 0-2. Estes últimos veñen de conseguir o ascenso á Galega mentres que os viveirenses quedaron ás portas.

Na categoría infantil o gañador foi escollido entre o Residencia e o Piringalla, que mediron as súas forzas para facerse co trofeo no campo Luis Gorgoso de Lugo (partido non celebrado ao peche da edición).

Tamén repartíronse os tres trofeos no fútbol 8. A gran maioría dos equipos de cada categoría disputaron a fin de semana do 18 e 19 de maio a primeira fase da Copa, na que quedaron seleccionados 8 equipos en cada categoría que este domingo 26 disputaron a fase final



nunha Final Four.

Na alevín o gañador foi o Lugo, que venceu ao Casás no último partido. Os albivermellos son deste xeito campións de Liga e de Copa.

Na benxamín foi o Piringalla o que se alzou co preciado título ante o Viveiro. O equipo laranxa quedara subcampión de Liga, tralo Polvorín, e recolleu orgulloso o seu título. O mariñaio quedou tamén ás portas da clasificación para o Campionato Galego durante o curso, que si foi para o Piringalla. As dúas finais de Copa disputáronse en Vilalba, repartidos entre o estadio Roca e a Madalena.

A Copa prebenxamín foi para o Santiago de Foz, que levantou o trofeo

de campión no campo da Cheda. Venceu no último partido ao Piringalla, equipo campión da Liga regular. Quedan por disputarse as semifinais e finais das Copa Deputación para as categorías sénior, a Primeira-Preferente, a Segunda-Terceira e a Feminina.

TERCEIRA. O Casás, que logrou esta mesma tempada o ascenso a Segunda, fíxose co Torneo Delegación tras o seu encontro contra O Páramo no Corgo. As ocasións sucedéronse para os amarelos que lograron adiantarse no marcador e anotar un tanto nos primeiros 45 minutos, que lles daría a vitoria.



O Cidade de Lugo gaña o Descenso do Miño por cuarto ano consecutivo

O club Cidade de Lugo subiu ao máis alto do podio no Descenso do Miño de Lugo, a regata máis antiga de Galicia, seguido polo club Náutico de Cobres e o Cabanas KDM. A cidade acolleu a LXVI edición da proba, con saída en Rábade e na que participaron 100 deportistas.

Despois de percorrer 17 quilómetros os padexeiros chegaron á liña de meta, situada na ponte romana de Lugo. Ao final da competición, o equipo de piragüismo Cidade de Lugo levou a vitoria por cuarto ano consecutivo, logrando un total de 715 puntos. En canto aos resultados individuais, Jesús Rodríguez e Fran-

cisco Vázquez do Fluvial O Barco foron os gañadores. A parella do Naval de Pontevedra de Carlos Álvarez e Anxo García levou o segundo posto con Carlos Álvarez e Saulo Molina do Cidade de Lugo en terceira posición. Pola súa parte, as primeiras clasificadas da categoría de K2 muller sénior foron Iris Collazo e Iria Rosendo do Náutico Cobres, seguidas por Avri Freire e Alba Vázquez do Náutico Ou Muiño. Por último, na categoría de K1 sénior masculino, subiron ao podio Xael Docal do Ría de Betanzos, Miguel Pérez do Piragüismo Cambados e André Corredoira do Cidade de Lugo.

O Club Fluvial de Lugo gaña a II Copa de España de Sprint Olímpico



O K4 do Club Fluvial de Lugo, integrado por Cristian Toro, Pelayo Roza, Xael García e Pablo Roza, faise coa medalla de ouro na II Copa de España de Sprint Olímpico, celebrada en Sevilla. Outro resultado destacado é o segundo posto das xuvenís Emily Fernández e Aida Fonseca en K2 500. Foi unha gran carreira para as junior que soben novamente ao podio

a pesar de ser o primeiro ano na categoría.

Ademais, outras 14 embarcacións competiron en finais, para conseguir o sexto posto na xeral por clubs. O equipo feminino está a unha regata de conseguir o ascenso a división de honra A próxima cita e a máis importante da tempada será o Campionato de España do 12 ao 14 de xullo.

O Portamiñá revalida o título de Campión Galego de Honra cun novo récord

Disputouse na piscina de Frígsa a Fase Final da liga Galega de División de Honra na que participaron o CNArteixo, CNFerrol, RCNVigo, CNPabellón, CFluvial de Lugo e CNPortaMiñá Lugo. Nesta competición competían polo título de campión os tres primeiros equipos clasificados na Fase Preliminar o CNArteixo, CNFerrol e CNPortaMiñá.

Dita Fase Preliminar disputouse ao longo dos meses pasados. O CNPortaMiñá proclamouse ao final da competición campión da liga Galega de División de Honra 2023-2024 revalidando o título da tempada pasada. Ademais o equipo masculino de substitucións do PortaMiñá na proba de 4x50 estilos estableceu un novo récord galego absoluto cun tempo de 1.40.96. O CFluvial de Lugo, CNPabellón e RCNVigo competían pola permanencia na categoría. Ao final da competición o CFluvial conseguiu a permanencia, descendendo o CNPabellón e RCNVigo.

“Queremos que o torneo de rugby 7 Arde Lucus sexa unha referencia”

O Muralla, que naceu da fusión do Xabarín e o Euita, pon en valor este deporte e suma 150 licenzas

Lucía Blanco

O Xabarín, que militou no segundo nivel do rugby español, e o Euita prenderon a chama do rugby na cidade nos anos 80. Da fusión destes dous grandes referentes do deporte na comunidade xurdiu o Muralla, club que segue a poñer en valor esta práctica e suma xa unhas 150 licenzas. Precisamente na súa teima de levar ao máis alto esta modalidade organizan o primeiro torneo de rugby 7 Arde Lucus o 8 de xuño co obxectivo de convertelo nunha cita “referente en Galicia e, como mínimo, no norte de España”, contan dende o club.

A modalidade máis coñecida é a de 15 xogadores, por que deciden apostar polo rugby 7?

Dende fai uns anos fíxose olímpico. Colleu máis fama e en todos os países e federacións están apostando por el e tamén había bastantes rapazas galegas, unha delas Vanesa Rial, que foron ás Olimpíadas. Comezaron os nosos compañeiros Os Ingleses de Vilagarcía cun torneo e falouse con outros equipos de que se podía facer como un circuito M14, M16 e M18. Nós decantámonos polo M16 porque en xuño tamén é complicado xuntar aos M18 pola ABAU.

Esta primeira edición é próxima a unha data importante para a cidade.

Queríamos poñelo nunha data significativas para Lugo. No San Froilán

xa estamos no outono e empeza a liga e, como o rugby 7 sempre queda para os veráns porque é 7 contra 7 e xógase en campos grandes, decidimos organizalo a fin de semana antes do Arde Lucus. Participan 12 equipos — Selección Galega, Selección Valenciana, Muralla, Braga, Coreti Lalín, Bierzo, Ingleses Vilagarcía, Ferrol, Crat Coruña, Kaleido Vigo Santiago/Zalaeta e Mareantes— porque só temos un campo.

Pretenden convertelo nun torneo habitual?

Por suposto. Como é unha competición oficial, porque vai por medio da Federación Galega, coa colaboración do Concello e a Deputación, a idea é instaurala para sempre. Este vai ser o primeiro ano e as primeiras edicións sempre funcionan un pouco como proba. Pero estamos acostumado a organizar citas deste tipo, porque por exemplo tivemos a Copa Xunta, que aglutina xénero masculino, xénero feminino, M18, M16 e M14, e xa nos serviu de preparación para corrixir algún erro.

Cal é a filosofía do Muralla?

Poñer en valor o deporte; explicar os seus valores que sempre son o respecto, o traballo en equipo e a diversión e darlle un empurrón á canteira con este torneo e coa Copa Xunta para que os nenos e nenas de Lugo se animen polo menos a probar e vexan que non é nada estereotipado, nin bruto, nin violento como se di.

Precisamente, moitas veces pénsa-



se que se trata dun deporte violento, pero o regulamento recolle todo o contrario.

Todos os anos cambia algunha norma e todo vai dirixido á seguridade dos xogadores. A lei primeira é o respecto ao rival, aos árbitros, ao público e aos adestradores. E tamén é moi significativo que aos árbitros non se lles protesta, os xogadores

dirixense a el como señor e el trátaos de vostede con independencia da idade e só lle pode falar o capitán con pelota morta (balón parado) se ten unha dúbida importante.

Que obxectivos teñen en canto ao número de xogadores?

Agora temos sobre 150 licenzas. Pero o noso obxectivo é chegar nun par de anos ás 250-300 licenzas para

volver a poñer o rugby de Lugo a como estaba nos seus principios, por exemplo co Xabarín, que foi un equipo moi potente que estivo en división de honra.

Lugo é unha cidade moi deportiva, pode a variedade de prácticas xogar en contra dunha disciplina non de todo recoñecida?

Non son escusas. Porque, por exemplo, está Pontevedra, que ten 15.000 habitantes menos ca Lugo, con Vigo ao lado e Vilagarcía, e todas teñen equipo de rugby e tamén contan co Centro de Tecnificación. Un dos

“Cada ano cambia algunha norma e todo vai dirixido á seguridade dos xogadores”

equipos ten todas as categorías e outro ten todas menos feminino. Entón hai que empezar a darlle valor e nós estamos traballando niso con citas como a Copa Xunta e o Torneo Arde Lucus que a entrada é gratuítas e pode vir quen queira a desfrutar.

Que lle diría a un cativo para que lle de unha oportunidade a este deporte?

Diríalle que primeiro veña probar, porque as regras e a situación adaptáanse a calquera idade. Non se empeza con contacto desde pequenos. Empézase con xogos, practícase rugby cinta e xógase ao pano como se facía antes no colexio. Vai adecuado á idade e hai diferenza entre formación e promoción e nun principio non hai contacto e se es novo, dá igual a idade que teñas, non se mete contacto ata que non esteas seguro.

Jorge Prado recuperou en Lugo o liderado do Mundial de Motocrós

O Circuito Municipal Jorge Prado de Lugo, sede do Campionato do Mundo de Motocross, foi testemuño de como o lucense Jorge Prado recuperaba o liderado no Gran Premio de Galicia. Os mellores pilotos do mundo tanto de MXGP como de MX2 e WMX (Mundial Feminino) e os campións do futuro do Europeo 125 protagonizaran a cita que quedou gravada para este deporte.

Os máis de 32.000 espectadores puideron gozar da actuación maxistrada de Prado na pista e de como o deportista dominou con autoridade en todo momento sobrepoñéndose aos seus rivais e conquistando o podio. O actual campión do mundo na máxima categoría gañou as dúas mangas e fíxose así co liderado que tiña o esloveno Tim Gajser na proba anterior.



Galicia é terra de deportes de motor e en concreto de motocrós. Historicamente esta especialidade deu moitas alegrías ao deporte galego, pero sen dúbida nestes momentos vívese unha situación única, con varios pilotos na elite internacional e un lucense defen-

dendo o número uno de Campión do Mundo da categoría máxima. E como premio a ese traballo e broche de ouro a esta xeración máxima, o Mundial fixo de Lugo a capital internacional do motocrós e de Galicia unha inesquecible festa de deporte.

Realizan unha ruta de Lugo aos Ancares a favor da investigación médica

O vindeiro 8 de xuño ponse en marcha a iniciativa Desafío Os Ancares a través da que un grupo de amigos percorrerá 215 quilómetros con 6.200 metros de desnivel acumulado para dar a coñecer as enfermidades priónicas. Os participantes, que saíran ás 8 da mañá dende o edificio da Xunta en Lugo, percorreren Lugo, Becerreá, Navia e Suarna, Pan do Zarco, Puerto Ancares, Piornedo, Cervantes e Becerreá.

Todo o recadado irá destinado á investigación das enfermidades priónicas, entre as que se atopa o insomnio letal, unha enfermidade neurodaxenerativa que non deixa durmir e vai matando os poucos os nervios do corpo. O impulso da ini-

ciativa é Jacobo Goás que padeceu de preto a patoloxía, pois por culpa da enfermidade perdeu a seu irmán. Desde entón, cada ano sóbe-se á súa bicicleta e cumpre un reto de superación que consiste en realizar un case imposible número de quilómetros en etapas de montaña e en moi poucos días co obxectivo de recadar fondos para a investigación de enfermidades priónicas.

O ano pasado superou un traxecto de Irún a Santiago, de 800 quilómetros en 4 días e este ano fará unha ruta de Lugo aos Ancares de 215 quilómetros e tentará facelo en 12 horas, pasando por 10 portos, un deles “Pan de Zarco”, considerado o máis duro de España despois de “L’Angliru”.

O club de billar Adai celebra a cuarta edición do torneo

Coincidindo coa feira grande de Adai, retorna un ano máis o torneo co club de billar, que chega a súa cuarta edición e terá lugar os días 22 e 23 de xuño. O formato do torneo será bola-9 a 6 partidas gañadas (7 a partir do KO directo). Limitarase a participación a 48 xogadores, pero no caso de ser menos de 32 o torneo terá lugar nun só día o sábado 22.

Tamén se celebrará o Break&Run fin de tempada, no que sortearán unha e outra vez ata esgotar o bote completo que este ano roza os 1500. A cuota de inscrición é de 30+5 extra para os non socios (no caso de xogadores de categoría junior a inscrición reducida de 10+5). Deste xeito, repartirase o 100 % das inscricións en premios para os 8 primeiros: 600 para os primeiros, 280 para os segundos e 130 e 75 para os que quedan en terceiro e cuarto posto.

A inscrición deberá abonarse a través de transferencia bancaria á conta do club: ES08 3070 0007 1362 9702 6822 (CAIXA RURAL). Haberá que presentar o xustificante á organización vía WhatsApp ou a vía mail ao correo clubdebillaradai@gmail.com. A data límite de inscrición será o luns 17 de xuño ás 12.00 horas.

O Shihan suma 43 metais na Liga Galega de Karate

A Escola Deportiva Shihan volve demostrar o seu bo nivel na 4ª Xornada da Liga Galega de Karate, que tivo lugar en Ribadavia. O polideportivo Municipal O Consello foi testemuño de como os lucenses regresaban con 43 metais. Os deportistas fixéronse con 13 ouro, 10 pratas e 20 bronce. Deste xeito, Carla Rodríguez, Cristian Tarrío, Ángela Buide, Iria Enríquez, Zoe Otero, Uxía Folgueira, Mateo Aldeanueva, Lucía Villar, Raúl López, María López, Elena Viñas e Noa Ulloa lograron o primeiro posto nas súas respectivas categorías.

Pola súa parte, acadaron unha prata Erika García, Saúl Pereira, Aroa Castro, Jacobo Miragalla, Iria Enríquez, Ángela Buide, Xandre Novoa, Toti Pérez, Pedro Buide e Ari Palacio.

O terceiro posto foi para Anie Pardo, Martina Arias, Vega Coto, Aleis Armas, Sebas Pardo, Lucas Aulkemeier, Carmen Cendan, Lucas Aulkemeier, Lía López, Mateo Aldeanueva, Adri Liz, Toti Pérez, Naiara Pérez, Leo Aulkemeier, David Enríquez, Elena Viñas, Noa Ulloa, Mateo Aldeanueva, Marcia Cendán e Nayla Pin. Estes metais súmase ás boas actuacións da escola noutras competicións como foi no Campionato Galego Infantil de Karate no que se proclama mellor club galego e no que se fixeron con 29 medallas.

EN BREVE



LUGO SALA. No Pazo de Feiras e Congresos de Lugo o Lugo Sala celebrou o seu primeiros dez anos de existencia que cumpre o venres 14 de xuño. Máis de 200 persoas entre adultos e nenos congregáronse no restaurante do Pazo de Feiras para celebrar este día. Coa presenza do primeiro equipo, así como de patrocinadores e autoridades, o club só tiña un obxectivo: celebrar este anos de historia no que a entidade foi crescendo pasiño a pasiño, con criterio e cos obxectivos moi claros.



BILLAR. O Club de Billar Teo acolleu os Campionatos de España de Billar Sénior 2024 organizados pola Federación Galega de Billar. Xogadores de pool de máis de 45 anos chegados desde todos os recunchos do país déronse cita para competir nas modalidades de bóla-8, bóla-9 e bóla-10. Entre os resultados cabe destacar a actuación do xogador lucense Jesús Fernando Vallejo que, sendo a primeira vez que compite na devandita categoría, conseguiu alcanzar o ansiado podio recibindo o título de subcampión de España sénior na modalidade de bóla-9. Jesús Fernando, ou Chechu para os seus amigos, é un coñecido e querido xogador lucense que leva anos ligado a este deporte.



BREOGÁN. O xogador do club de baloncesto Breogán, Jordan Sakho, acudiu á residencia de maiores da Milagrosa, onde visitou aos usuarios e intercambiou anécdotas e experiencias con eles. O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, sumouse a esta acción enmarcada no proxecto de envellecemento activo Grazas A-Vós, impulsado pola Fundación Breogán.



BAILE. O Pazo acolleu unha proba do circuíto de baile deportivo Urban Dance Tour, que reuniu máis de 700 bailarinas e bailaríns de corenta equipos de danza hip hop chegados de toda Galicia, entre eles os lucenses Star Dance – que organiza o evento– e Gravity. A competición puntúa para a clasificación da Federación de Baile Deportivo.

Remata a Liga da billarda en Remourelle co triunfo dos Troitas Bravas

Daniel Rodríguez Saavedra

Remata a tempada da LNB da conferencia NorLeste no campo da festa de Remourelle nunha animada tarde con sesenta e nove palanadores presentes (corenta e sete homes, quince donas e sete cativos). Fóronse rematando os grupos con Regueiro facendo pleno de puntos en modo estela e a súa compañeira, a infantil Antía, como segunda da xornada. Con un desempate entre Manolo, Aroa e Markytos resolveuse o terceiro chanzo do podio sendo o tricampión nacional quen se fixo con el.

En donas Aroa foi a mellor, seguida de Maricarmen e de Pamela, o que lle permitiu tamén á ribadense superar a Cris na xeral e quedar como campioa da tempada, xa que logo Cris foi segunda e terceira Vanesa.

En infantís, Antía e Alba quedaron por riba de Mateu nesta xornada aínda que os campións da tempada xa estaban decididos. Diego, Mateu e Alba tiñan o traballo ben feito.

En equipos tamén estaba todo dito. Campións os Troitas Bravas da Pontenova, seguidos dos ribadenses Billardeiros Musicais e dos lucen-

ses Madia Leva. Os campións volveron ser os mellores da xornada, Billardeiros Musicais segundos e estreando podio Billarda Verde de Castroverde.

A pista algo mais curta permitiu que os especialistas acadaran sete tiros directos e con tres palanadores empatados a dous varados, houbo que recorrer a un desempata para saber quen era campión. Charli, con dous varados máis, superou a Toño e Morás e fíxose co título.

Chegou o momento dos campións e Basilio foi quen de aguantar o tipo, aumentando aínda a vantaxe que tiña con Sachas, e Cortón que ía de terceiro viu como un entonado Charli lle arrebatava o terceiro posto.

Coa torrezmada de costume e a entrega de agasallos aos gañadores, rematou esta tempada chea de emoción e de novos valores emerxentes que van tomando o relevo dos veteranos.

Agradecer ao Concello de Ribadeo os trofeos doados, a Suso Villarino e a tódalas persoas que fan posible que esta tolemia da billarda siga para diante, graziñas.

Kenia Estrada debuta co Biosbardo e queda subcampioa en Mondariz

Kenia Estrada debutou como nova deportista do club Biosbardo cun gran resultado nunha proba marcada pola climatoloxía. O trail Orixes, en Mondariz, sufriu as inclemencias do temporal de auga, facendo moi dura a proba, neutralizando as distancias longas e cunha gran cantidade de abandonos nas mesmas. De feito, tivo que trasladarse ó pavillón municipal a meta da proba, cunha xestión da organización impecable neste aspecto. Foi na distancia de 26 quilómetros onde Kenia Estrada debutaba, proclamándose subcampioa absoluta cunha demostración de fortaleza mental.

Membros do club estiveron no Trail de San Isidro que, dentro do circuíto Arousa Neo Trail Series, era a última proba do mesmo cun percorrido moi duro posto que en tan só 20 quilómetros da súa proba longa acumulaba un desnivel superior ós 3.000 metros en plena Serra do Barbanza. Iván Sangiao regresaba á competición e proclamábase ganador absoluto. Xa desde o primeiro quilómetro marchou no grupo de cabeza, liderando en solitario desde o qui-



lómetro 10 realizando unha carreira impecable que lle permitiu subirse ó mais alto. Pola súa banda, Jonathan Pérez instalábase no grupo perseguidor chegando cunha sétima posición absoluta e bronce de categoría.

José Vázquez debutaba no Trail dos Muíños, en Riotorto, sendo tamén a estrea da distancia. Foi unha proba rápida, na que o deportista entraba cuarto absoluto en meta e coa medalla de Bronce Veterán. Outra das probas duras era a do Trail de San Lorenzo, ós pés da comarca berciana onde Kenia Estrada continúa a súa racha de podios absolutos, nesta ocasión facéndose co bronce absoluto na distancia longa.

Veljko Mrcic, o Godzilla que fixo tremar a Lugo

O adestrador firma a súa cuarta tempada co Breogán e destaca o apoio da afección

Diego Rouco

Falamos cunha das estrelas que fixeron vibrar o Pazo dos Deportes de Lugo para que o Breogán siga un ano máis na ACB: Veljko Mrcic. Naceu o 13 de abril de 1971, en Split RFS, Iugoslavia, na actual Croacia, foi xogador e agora, adestrador. A súa carreira comezou cando tiña 14 anos, formando parte de equipos croatas, por exemplo, nas categorías xuvenís do Cibona de Zagreb e tamén en conxuntos da nosa liga como foi o Unicaja Málaga na tempada 1999-2000.

Veu para Lugo para substituír a Paco Olmos cunha afección cabreada polo plantón do adestrador. No Breogán reencontouse ata o 2022 co bosnio Džanan Musa, que agora está no Real Madrid. Grazas a Mrcic, ao equipo técnico e ao cadro de xogadores, o venres 10 de xuño máis de 5.000 persoas saltaron de alegría ó ver que o equipo da nosa cidade estará un ano máis na categoría superior de baloncesto en España despois de vencer ao MoraBanc Andorra (97-92).

Gañou 3 medallas de bronce na súa traxectoria como xogador, de cal garda un recordo máis especial?

A do EuroBasket de 1995 contra Grecia, país onde se celebraba o torneo. Quedamos 73-68 en Atenas con 20.000 afeccionados en contra de Croacia, o meu equipo.

Con que faceta se quedaría coa de técnico ou coa de xogador?

Con ambas, aínda que son mundos diferentes.

Estivo como preparador da Selección de Croacia, como deu o paso a poñerse á fronte dun equipo como o Breogán?

Gústame moito a Liga Española e vin que Lugo era unha cidade pequena, pero que acolle a xente de fóra e quedeime. O que máis me gusta de aquí é que a xente é boa, honrada e que teño amigos.

Destacaría a algún xogador?

Para min son todos xeniais, grandes persoas e amigos.

Que pensa da afección?

Que é moi leal, moi familiar e, sobre todo, que estivo sempre a meu lado.

Outra das afeccións que nunca falla é a do Obradoiro. Que opina do descenso do club?

Foi unha mala noticia, para a ACB, para Galicia e sobre todo para todo o que fixo durante 13 anos a unha cidade como é Santiago de Compostela e a súa afección.



Cumprirá a súa cuarta tempada á fronte do banco celeste tras a súa renovación. Que lle diría aos lucenses?

Estou moi contento co club, coa

afección, cos xogadores, coa cidade e a súa xente. Diríalles que sempre estean cos xogadores e o seu equipo técnico, xa que así daranlles alegrías e éxitos.

O CB Breogán logra a permanencia na ACB

O Breogán continúa un ano máis a súa historia na liga ACB. Tras un encontro no que os celestes tiveron que sufrir ata o último minuto na penúltima xornada contra o Andorra, conseguiron impoñerse no Pazo (97-92) e lograr a súa permanencia por unha tempada máis na Liga Endesa.

Tras o resultado, o vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro felicitou ao CB Breogán pola vitoria ante o MoraBanc Andorra. "Toca facer balance, darlle os parabéns aos xogadores polo traballo

feito, á directiva do Breogán porque foi unha tempada na que se complicaron moitas cousas e conseguiron saír adiante.

O vicepresidente, que asistiu ao encontro, destacou o apoio da afección como unha das mellores bazas coas que contou o equipo para lograr a permanencia na ACB. "En ningún momento baixou os brazos e mesmo nos momentos máis complicados fixo ruxir o Pazo máis que nunca polo tanto pois un día para festexar e pensar en seguir".

EN BREVE

GOLF. O vindeiro 8 de setembro o club de golf de Lugo pon en marcha a décimo quinta edición do torneo de golf benéfico coa Asociación de pais, nais e persoas con Trastornos do Espectro Autista e Trastornos da Comunicación Social Raiolas. A cita será nas instalacións do club en Lugo e os interesados poden facer a súa inscrición a través da web.

TENIS DE MESA. CD Dez Portas TM organiza un campus de verán para cativos de entre 6 e 14 anos do 24 de xuño ao 19 de xullo. Deste xeito, organizaranse xornadas de adestramento e diversión cos adestradores do equipo de 10.00 a 14.00 horas e darase a coñecer o método co club co que se fomenta valores como o xogo limpo, o respecto polo rival, o esforzo, a solidariedade e a amizade a través do deporte. Trátase dunha experiencia segura seguindo o Protocolo de medidas hixiénico-sanitarias para o correcto desenvolvemento e participación nos DEZCampus. A actividade inclúe un equipamento deportivo por neno, composta de camiseta, comida e diploma.

CIDADE DE LUGO. O Club Piragüismo Cidade de Lugo pon en marcha cursos para iniciarse nesta práctica deportiva de carácter gratuito para nenos de ata 14 anos. Trátase dunha actividade para gozar do verán e desfrutar da natureza mentres se aprende a navegar en piragua. As actividades son semanas, de feito cada luns comezan novos obradoiros en varios horarios polo que os interesados poden elixir o que mellor se lles adapte. Tanto os cursos de iniciación como o resto de actividades como bautismos, rutas en kayak ou barco dragón teñen lugar na Reserva da Biosfera Terras do Miño.

CLUB FLUVIAL. O Club Fluvial de Lugo organiza cursos de verán para iniciarse no piragüismo. As actividades desenvolveranse nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 17.00 a 18.00 e de 18.00 a 19.00 horas. Son cursos quincenais de iniciación dirixidos á rapazada de 6 a 16 anos e de 17 anos en diante baixo un prezo de 50 euros. As quedas son do 1 ao 16 e do 17 ao 30 de xuño, do 1 ao 14 e do 15 ao 28 de xullo, do 29 de xullo ao 11 de agosto, do 12 ao 25 de agosto e do 26 de agosto ao 8 de setembro. A actividade conta coa colaboración da Deputación de Deportes de Lugo.

CLUB DE BÉISBOL LUME



Rapaces e rapazas do club de béisbol Lume viviron unha experiencia única, ao ter a oportunidade de participar nunha sesión de adestramento con ex xogadores das grandes ligas americanas de béisbol. O evento foi en Vigo e case 100 rapaces e rapazas nados entre 2006 e 2014, tiveron a oportunidade de coñecer a xogadores cun gran percorrido nas grandes ligas americanas, e recibiron como agasallo unha bola de béisbol asinada por cada un deles. Tiveron a oportunidade de practicar en varias posicións de xogo, lanzamentos, pases a base e bateos, con especialistas en cada unha desas posicións.

LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 661 464 323

E-mail: redaccion@lugoxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións S.L.

Dep. Legal: LU 56-2021

DE RUTA EN RUTA

Castroverde: Ruta dos Muíños de Nacente

A ruta comeza no muíño da Lamela e remata no da Cabanela, e permite coñecer parte da historia do lugar

Este percorrido polo municipio lucense amosa unha vintena de muíños, como o de Lamela, o de Cabanela, o de Dourado ou o de Cabaleiros, ademais doutras mostras patrimoniais como o pazo de Vilabade e a Vía Romana e constitúe unha boa forma de achegarse á flora e á fauna do lugar e de explotar parte da cultura e da historia. Trátase dunha ruta de menos de 30 quilómetros de lonxitude e de dificultade moderada a través da que se percorrán os muíños entre as aldeas de Gradón e Furís de Abaixo.

O camiñante visitará pequenos núcleos rurais, carreiros e camiños forestais ademais dunha ampla variedade etnográfica. A viaxe comeza en Rodinso, no muíño de Lamela, un dos poucos con nora exterior de Galicia e por onde tamén pasa a Ruta dos Muíños de Poñente, que tamén amosa estas construcións tan típicas de Castroverde. Antes de chegar á serra da Vaqueriza, pódese tomar un desvío cara o núcleo Vilabade para admirar o pazo do século XVII cuxa orixe está vinculada coa Casa de Castro.



Situado no antigo Camiño de Santiago, a historia de Vilabade e a do pazo remóntase a un antigo convento franciscano, fundado tras a peregrinación que San Francisco de Asís fixo no 1207, onde se conta que recibiu a iluminación de crear a Orde Franciscana.

A pesar da súa vinculación inicial, a construción foi posiblemente hospital de peregrinos ata mediados do 1600, cando Diego Osorio de Escobar, vicerrei de Nova España e inquisidor de Toledo, o transforma para dedicar o espazo para o seu retiro, dándolle a imaxe que conserva na actualidade.

De regreso á ruta principal, camiñárase por pequenos vales, visitando núcleos de poboación como Masoucos, onde se localiza unha igrexa de planta rectangular con nave a dúas augas erixida so-

bre un antigo castro da Idade de Ferro.

No recinto apareceron varios sargos que se aproveitaron nas reformas da tapia do adro da igrexa. Continuando polos sendeiros, rodeados de soutos e carballeiras, o itinerario diríxese cara o Dourado, un muíño de cubo, con dúas moas, planta rectangular e estrutura vertical con muros de cachotería de xisto e granito e marcos de cantería nos ocos.

Tamén se pasará por Vilacote, núcleo no que se conserva a igrexa de San Pedro e por Riomol, onde hai unha desviación cara ó muíño de Cabaleiros. Chegaremos ao final do camiño en Furís de abaixo para contemplar os últimos dous protagonistas deste percorrido: o muíño de Portela e o de Cabanela.



DATOS



7 horas



26,16 kms



Dificultade moderada

VEO VEO

2x1

Monofocales · Progresivas · Sol

Para que veas veas

OPTICALIA CALLAO

LUGO | FERROL | ASPONTES | NAPÓN | ORTIGUEIRA

Promoción válida del 02-06-24 al 31-07-24. Siempre se cobrará la gafa de mayor importe. 1ª Gafa: graduada de vista, lentes monofocales o progresivas, elegir cualquier montura de cualquier marca disponible en las tabacquerías. 2ª Gafa: lentes graduada de sol o vista marcas Koome, Trend, PUM&Bier, con la misma graduación y tratamiento que la 1ª gafa. También de sol sin graduación marcas Trend y PUM&Bier. Los productos sanitarios objeto de esta promoción son conformes a las regulaciones legales.